Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao no Programa Conxunto ADE-Dereito)

CURSO 2024-2025

Universidade Vigo

Facultade de Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito
CURSO 2024-2025
Validado pola Comisión de Calidade o día 18/12/2025 Aprobado pola Xunta de Facultade o día 18/12/2025

Índice

1. Información xeral 4
2. Coordinación 4
3. Xustificación e descrición do informe 4
4. Accións de coordinación 5
4.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito. 5
4.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito 6
4.2.1. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial 6
Accións de organización e acollida 6
Apoio e seguimento 8
4.3. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade 9
Mobilidade Internacional 9
Mobilidade nacional 9
4.4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados e propostas de mellora para o curso 2025-2026 10
A. Reunións e actuacións de coordinación 10
B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2024-2025. 11
C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2025/2026 14
D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2024/2025 e proposta de mellora para o curso 2025-2026. 15
4.5. Reunións e actuacións de coordinación da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente 17
D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2024/2025 24
E. Propostas de mellora para o curso 2025/2026 26
4.6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo 26
4.7. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito 27
5. Outras accións de coordinación desenvolvidas 27
5.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade 27
5.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade 29

5.3. Actuacións de promoción do centro 32
5.4. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade: 33
5.5. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso: 34
6. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora 34
6.1. Incidencias e actuacións máis relevantes 34
6.2. Accións de mellora para o curso 2025/2026 35
7. Conclusións 35
8. Anexos 36

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 – Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos oficiais Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito / Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE- Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

3. Xustificación e descrición do informe

Tanto a memoria inicial como a memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo (apartado «Procedemento de coordinación do Grao», páx. 48) contemplan a figura do coordinador/a de curso, cuxa función é garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación das materias en cada curso académico. Con todo, ponderadas as peculiares circunstancias da Facultade de Dereito, estimouse máis axeitado contar cun único coordinador/a para o conxunto da titulación.

O **coordinador/a do Grao** debe, entre outras funcións, emitir informes periódicos para manter informado ao Decanato das incidencias e dos eventos relevantes. A tal efecto, o/a coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito.

Pola súa banda, **os coordinadores/as** das materias de **Prácticas externas** e de **Traballo de fin de Grao** encárganse de coordinar aos distintos titores/as das devanditas materias.

Finalmente, a/o **responsable de relacións internacionais** procura a coordinación das actuacións de mobilidade.

Todas as labores de coordinación, horizontal e vertical, que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do

título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados; así mesmo, contribúen a adecuada implementación dos plans de mellora acometidos dende o equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros -as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo-, constituíuse unha **Comisión de Coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo** conformada polos/as Decanos/as e os/as Coordinadores/as do Grao nos referidos dous centros. Tal Comisión ten por obxecto avaliar e procurar solventar as incidencias ou posibles disfuncións detectadas, así como establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015, o estudantado pode cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e de Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un **programa conxunto de estudos oficiais («simultaneidade»)** elaborado polas Facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de Goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás delegación polo/a Decano/a dun centro nun vicedecano/a. Ademais, constitúese un **órgano coordinador** formado polas persoas titulares dos Decanatos e os/as coordinadores/as dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión reúnese cada curso académico, así como, de apreciarse disfuncións ou dificultades na coordinación, a instancia de calquera dos dous Decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación, descríbense as actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2024-2025 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito - incluído o Programa de Estudos Conxunto ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados, así como para aplicar o correspondente plan de mellora.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación cos representantes do alumnado - delegadas/os e subdelegadas/os de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito.

Durante o curso académico 2024/2025 desenvolvéronse as seguintes reunións de coordinación cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegados/as de curso do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito-, nas datas sinaladas a continuación:

- 13/11/2024: nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do Grao en Dereito, así como do PCEO ADE-Dereito, respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder á súa resolución.

- 25/04/2025: nesta xuntanza, recolléronse as valoracións do alumnado do Grao en Dereito, así como do PCEO ADE-Dereito, respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período, co obxecto de detectar posibles incidencias ou disfuncións e proceder á súa resolución.

As actas das citadas reunións poden consultarse no apartado 6, Anexos.

4.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2024/2025 desenvolvéronse dúas reunións co profesorado con docencia no Grao en Dereito e no PCEO ADE-Dereito, nas datas que se sinalan a continuación:

- 13/11/2024: nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do primeiro período.

- 25/04/2025: nesta xuntanza, trasladáronse aos docentes as reflexións e comentarios realizados polos estudantes. Así mesmo, recolléronse as valoracións do profesorado respecto do desenvolvemento da docencia do segundo período.

As actas das citadas reunións poden consultarse no apartado 6, Anexos.

4.2.1. Actuacións de coordinación no marco do Plan de Acción Titorial

No curso 2024-2025, a implementación do PAT presentou as seguintes novidades, que se corresponden coas propostas de mellora recollidas no informe final do PAT correspondente a o curso 2024-25:

- Actualizouse, na plataforma Moovi, información pertinente relativa ao PAT – ANAE.
- Realización dunha enquisa para preguntar ó alumnado do PAT sobre as súas necesidades de orientación académica.
- Revisouse o proceso de asignación de profesores/as titores/as garantindo, sempre que foi posible, que os/as mesmos/as son ou foron docentes dos/as alumnos/as titorizados.
- Designaronse os/as delegados/as de curso como alumnos/as/ titores/as dos cursos correspondentes.
- Inserción, no marco das correspondentes reunións de coordinación cos representantes do alumnado, dunha fase de información relativa aos obxectivos, ferramentas e accións do PAT.
- Fomentouse o emprego de novas canles de comunicación entre os/as alumnos/as titores/as e o alumnos/as titorizados/as: grupo de WhatsApp.

Accións de organización e acollida

- Xullo 2024: Proceso de selección de Profesores-titores. Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos profesores- titores do curso precedente -2023/2024- solicitando que manifesten a súa dispoñibilidade para continuar desenvolvendo tarefas como profesores-titores no curso 2024/2025.

A asignación proposta -aceptada polos profesores titores- foi a seguinte:

GRAO			PCEO ADE-DEREITO	
CURSO	**PROFESOR/A-TITOR/A**	**ALUMNO/A TITOR/A**	**PROFESOR/A-TITOR/A**	**ALUMNO/ A TITOR/A**
1º	Profª. Lourdes Borrajo Diz		Profª. Susana Álvarez González	
2º	Profª. Laura Movilla Pateiro	Non procede	Profª. Belén Sánchez Ramos	Non procede
3º	Profª. Dolores Fernández Fustes	Non procede	Profª. Francisca Fernández Prol	Non procede
4º	Profª. Mónica Siota Álvarez	Non procede	Prof. Roberto Ignacio Fernández López	Non procede
5º	Non procede	Non procede	Profª. Marta Fernández Prieto	Non procede

- Xullo 2024: Proceso de selección de alumnos-titores. Remisión de correos electrónicos e visitas nas aulas para solicitar a colaboración de alumnado de 3º e 4º do Grao e de 4º e 5º do PCEO para participar no PAT en calidade de alumnos-titores.

Finalmente, a composición do PAT-ANAE para o curso 2024-2025 foi a seguinte: PAT: Relación de alumnado e titores/as asignados

COORDINADORA DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (PIUNE)
Profª. Marta Fernández Prieto mfprieto@uvigo.es

PAT: Relación de alumnado e titores/as asignados		
GRAO EN DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	**ALUMNO/A TITOR/A**	**ALUMNADO TITORIZADO**
Profª. Lourdes Borrajo Diz lborrrajo@uvigo.es	Bryan Josué Álvarez Lacayo bryanjosuealvarezlacayo@gmail.com	Alumnado de 1º curso
Profª. Laura Movilla Pateiro lauramovilla@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Dolores Fernández Fustes dfustes@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Profª. Mónica Siota Álvarez msiota@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso

PCEO ADE-DEREITO		
PROFESOR/A-TITOR/A	**ALUMNO/A TITOR/A**	**ALUMNADO TITORIZADO**
Profª. Susana Álvarez González sualvago@uvigo.es	Paula Viceiro Diz paulaviceiro@gmail.com	Alumnado de 1º curso
Profª. Belén Sánchez Ramos bsanchez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 2º curso
Profª. Francisca Fernández Prol franfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 3º curso
Prof. Roberto Ignacio Fernández López rfernandez@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 4º curso
Profª. Marta Fernández Prieto mfprieto@uvigo.es	Non procede	Alumnado de 5º curso

- Para facilitar a labor do profesorado-titor, así como a asistencia do alumnado, as xuntanzas quedaron insertadas na xornadas de acollida -no caso dos alumnos de primeiro curso-, así como de presentación de materias -no caso dos alumnos dos cursos restantes, tanto no primeiro como no segundo período-

Detállase, a continuación, o cronograma de sesións.

- Reunión de presentación: 9 de setembro de 2024 (coincidindo coa xornada de acollida –no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro periodo –no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º e 4º).
- Igualmente, en setembro de 2024, procédese a publicación na web da composición do PAT 2024- 2025 -con indicación dos profesores-titores, alumnos-titores e xuntanzas planificadas-. O devandito documento tamén se remite aos correos electrónicos do estudantado.

Apoio e seguimento

Para os **alumnado do Grao**, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:

- **Reunión de presentación**: **9 de setembro de 2024** (coincidindo coa xornada de acollida -no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro periodo-no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º e 4º).
  No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.
  Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 29 de xaneiro de 2025** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo periodo para o alumnado de todos os cursos).
  Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno- titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a enfrontar.
  No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III –ficha de seguimento de titorías-.
  Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

Para os **alumnado do PCEO**, as xuntanzas quedaron organizadas como segue:

- **Reunión de presentación: 9 de setembro de 2024** (coincidindo coa Xornada de Acollida -no caso do alumnado de 1º curso- e coa xornada de presentación de materias do primeiro periodo -no caso do alumnado dos cursos 2º, 3º, 4º e 5º).
  No marco da reunión de presentación, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno-titor, presentaron ao alumnado os obxectivos e recursos do PAT.
  Nesta xuntanza inicial os alumnos que así o desexaron cumprimentaron e entregaron o Anexo II do PAT.

- **Primeira reunión de seguimento: 29 de xaneiro de 2025** (coincidindo coa xornada de presentación de materias do segundo periodo para o alumnado de todos os cursos).

  Nesta reunión de seguimento, os profesores-titores, no seu caso coa colaboración do alumno- titor, preguntan ao alumnado polo desenvolvemento do curso académico, rogando indiquen disfuncións detectadas ou dificultades ou obstáculos que están a enfrontar.
  No marco desta primeira reunión de seguimento, os profesores titores cumprimentaron o Anexo III -ficha de seguimento de titorías-.
  Ao marxe das sesións predeterminadas e calendarizadas pola coordinación, poden manterse outras xuntanzas estimadas de interese, sinaladamente a petición dos correspondentes alumnos.

4.3. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

Mobilidade Internacional

Grazas as diferentes accións desenvolvidas pola Coordinadora de Relacións Internacionais ao longo do curso académico 2024/25 conseguiuse manter as movilidades internacionais ERASMUS +.

A xestión da convocatoria para o programa Erasmus+ 2024/2025 resultou un éxito (15 alumnos tanto de Grao como de PCEO). As accións desenvolvidas neste ámbito incluiron unha reunión informativa tras a publicación da Convocatoria, a elaboración da resolución provisional e da resolución definitiva dos alumnos seleccionados na nosa Facultade. Por outra banda, dende a coordinación mantivéronse diversas reunións con cada un dos alumnos seleccionados para a elaboración do contrato de estudos.

No marco da mobilidade internacional cabe destacar que no curso 2024/2025 tamén tivemos unha mobilidade o abrigo do Programa ISEP o que permitiu a unha das nosas alumnas realizar un período de estudos na Montana State University.

Mobilidade nacional

En canto á mobilidade SICUE, e a diferenza do programa ERASMUS, a asignación de prazas realízase directamente na ORI. Neste caso, tamén se mantiveron dende a coordinación diversas reunións con cada un dos alumnos seleccionados para a elaboración do contrato de estudos.

Con todo, observouse tamén un incremento significativo yo eliminaría significativo porque tuvimos tres movilidades SICUE (una en la Rey Juan Carlos y dos en la Juame I) nas mobilidades nacionais SICUE. O que reflicte un maior interese dos estudantes en realizar intercambios dentro do territorio nacional e resulta

indicativo do éxito das accións informativas e da mellora na xestión destes programas.

Propostas de mellora para o curso 2025-2026.

- Promoción das titulación da Facultade de Dereito no extranxeiro, tanto nas actividades realizadas polas Vicerreitorías competentes como polo propio centro. Incrementar as reunións institucionais entre as Facultades de Dereito.
- Incrementar a oferta de destinos para mobilidade ERASMUS e, sobretodo, mobilidade SICUE

4.4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados e propostas de mellora para o curso 2024-2025

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2024-25 realizáronse, a iniciativa da coordinación de prácticas externas da Facultade de Dereito, en relación coa materia Prácticas externas diversas actuacións conxuntas de coordinación coas persoas titoras das entidades colaboradoras externas e co alumnado implicado. As actuacións máis destacables desenvolvéronse do seguinte modo:

Prácticas externas:

- Xuño-xullo 2024: elaboración e aprobación da guía docente da materia Prácticas externas.

- Setembro 2024 -xullo 2025: envorcado na plataforma de teledocencia Moovi da presentación da materia, as guías docentes en castelán e galego, a normativa estatal, da Universidade de Vigo e do Grao en Dereito da Facultade que regulan as prácticas curriculares e dos anexos que deben cumprimentarse para a formalización e avaliación da práctica, o procedemento de asignación das prácticas, incluído o plan de prácticas, coa relación de despachos e institucións colaboradoras e o cronograma orientado e anuncios de resolución de dúbidas. Igualmente publícanse a listaxe provisional e definitiva de asignación das prácticas e as instrucións para a formalización das prácticas, así como, no seu momento, avisos sobre o procedemento e prazos de entrega da memoria de prácticas para a avaliación do alumno e as cualificacións e convocatorias de premios para os TFG en distintos ámbitos.

  Así mesmo remitíronse correos electrónicos desde a coordinación de prácticas dirixidos ás entidades colaboradoras para mostrar a súa dispoñibilidade para acoller alumnado en prácticas e cumprimentar un formulario para publicar e tamén correos dirixidos aos titores externos co obxecto de clarificar dúbidas sobre a documentación a cumprimentar, agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais e lembrarlles a súa obriga de remitir o Anexo de avaliación ao remate das prácticas e os criterios de avaliación.

  Do mesmo xeito, remitíronse pola coordinadora académica da materia Prácticas externas correos electrónicos dirixidos aos estudantes co obxecto de clarificar as súas dúbidas sobre a tramitación das prácticas, agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das mesmas, verificar o seguimento das prácticas e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o informe intermedio e final

de prácticas e o anexo de avaliación, recordándolles os criterios de avaliación.

- Setembro-outubro 2024: reunións, intercambio de correos e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas.

  Remisión dende a secretaría do decanato da convocatoria para a titorización académica de prácticas externas. A Comisión Académica nomea como titora académica para o curso 2024-25 á profesora Marta Fernández Prieto.

- Decembro 2024-xaneiro 2025: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2024-2025.

  Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma Moovi e comunicación ás persoas titoras externas e institucións implicadas dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas na respectiva entidade.

- Xaneiro de 2025: presentación da materia prácticas externas ao comezo co cuadrimestre e intervención no curso 3.5. A presentación diríxese aos alumnos matriculados na materia Prácticas externas ao obxecto de informar sobre a tramitación da formalización das prácticas e sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas e comezar o seguimento das prácticas a desenvolver no cuadrimeste. No curso 3.5 a información diríxese ao alumnado de 3º do Grao e 4º do PCEO para informar da materia optativa Prácticas externas, do procedemento de asignación de prácticas e da posibilidade de realizar prácticas extracurriculares no verán e solicitar o recoñecemento dos créditos pola materia Prácticas externas ou outra materia optativa.

- Xaneiro-xuño de 2025: Reunións individualizadas e grupais, presenciais ou telemáticas, co alumnado antes do comezo das prácticas. O obxectivo das reunións é a) clarificar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2024-2025.

- Maio-xuño de 2025: Recepción do informe final e valoración dos titores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2024 (plataforma Moovi)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia "Prácticas curriculares" no curso 2024-2025.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2024-2025 foi de 27 prazas para un total de 27 prazas ofertadas (Plans de Estudos G081 Grao -25 prazas- y G730 PCEO -2 prazas-). Una importante porcentaxe do alumnado matriculado realizou prácticas extracurriculares con antelación e solicitou o recoñecemento das mesmas pola materia Prácticas externas polo que xa non se someteu ao procedemento de asignación de entidade de prácticas.

As prazas ofertadas foron publicadas, consonte ao disposto no artigo 7 –Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que realizará as prácticas- do Regulamento de Prácticas Externas do Grao en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, e distribuídas do seguinte xeito:

OFERTA FORMATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS
Curso 2024/2025

De conformidade co disposto no artigo 7 –Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que realizará as prácticas- do Regulamento de Prácticas Externas do Grao en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, faise pública a oferta correspondente ao presente curso académico.

ASESORÍAS, ADMINISTRACIÓNS DE FINCAS, XESTORÍAS e outras ENTIDADES (4 prazas)

AV XESTIÓN INTEGRAL S.L. (1 praza)
Titora: Dna. Sara Arias Fraiz
Enderezo: Rúa Concordia, nº1, entresuelo A&B, 32003 Ourense
Contacto: sara@ariasavogados.com

GABINETE JURÍDICO GALIUS S.C (2 plazas)
Titora: Dna. Anabel Gómez Díaz
Enderezo: Rúa Cardenal Cisneros, nº 4 - 6, 32005 Ourense
Contacto: galiusanabel@gmail.com

PÉREZ RUMBAO, SAU (1 praza para asesoría xurídica Polígono Comercial Barreiros)
Titora: Dna. Irene Santana Carnero
Enderezo: Polígono Comercial Barreiros, KM. 231.1 32910 San Cibrao das Viñas - Ourense
Contacto: irenesc@perezrumbao.com

DESPACHOS DE AVOGADOS (4 prazas)

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ (1 praza)
Titor: D. José Abundancia Domínguez
Enderezo: Rúa Paseo, nº 36, 3º C - 32003 Ourense
Contacto: j.abundancia@gmail.com

ARIAS AVOGADOS S.C. (1 praza)
Titor: D. Román Arias Fraiz
Enderezo: Rúa Concordia, nº1, entresuelo A&B, 32003 Ourense
Contacto: roman@ariasavogados.com

LEX AURIA (1 praza)
Titores: D. Luis Miguel Garnil Relo e D. Miguel Gómez Domínguez
Enderezo: Avda. Otero Pedrayo, 2 B (Loc. 3), 32004 Ourense
Contacto: luisgarnil@lexauria.com; miguel@lexauria.com

CECA MAGÁN ABOGADOS (1 praza en Vigo)
Titor: Dna. María López-Olivares Canga
Enderezo: Calle Policarpo Sanz, 29, 36202 Vigo
Contacto: mlopezolivares@cecamagan.com

CENTRO PENITENCIARIO DE PEREIRO DE AGUIAR (2 prazas en PEREIRO DE AGUIAR a desenvolver entre xaneiro e marzo)
Titoras externas: Dna. Ana Martínez Fernández e Dna. Elena Fernández Montes
Enderezo: C/Carretera de la Derrasa s/n, 32792 Pereiro de Aguiar (Ourense)
Contacto: Subtratamiento_ourense@dgip.mir.es

CONCELLOS (5 prazas na sede dos correspondentes concellos en horario de mañá)

CONCELLO DE BARBADÁS (2 prazas)
Titora externa: Dna. Victoria Morenza
Enderezo: Concello de Barbadás
Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

CONCELLO DE CELANOVA (1 praza)
Titora externa: Dna. Montserrat Campos Mondelo
Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense
Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE OURENSE (2 prazas)
Titora externa: Dna. Silvia Alonso Fernández
Enderezo: Praza Maior 1 32005, Ourense
Contacto: oficialmaior@ourense.es

INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL DIRECCIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (2 prazas horario de mañá nun período máximo de dous meses)
Titora externa: Antonia Elena García Puertas
Enderezo: Rúa Concejo, nº 1, 32003 Ourense
Contacto: antonia-elena.garcia@seg-social.es

NOTARÍAS (1 praza)

NOTARIOS ENRIQUE HERNÁNZ VILA Y M.ª ISABEL LOURO GARCÍA (1 praza)
Titora externa: Dna. María Isabel Louro García
Enderezo: Avda. da Habana, nº 39, 32003 Ourense
Contacto: milouro@notariado.org

PARLAMENTO DE GALICIA (4 prazas en Santiago de Compostela con posibilidade de prácticas solo parcialmente telemáticas)

Titor externo: D. Xosé Antón Sarmiento Méndez

Enderezo: Rúa do Hórreo, 63, 15702 Santiago de Compostela

Contacto: xose.anton.sarmiento.mendez@parlamentodegalicia.es

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (5 prazas en horario de mañá)

Titor externo: D. Manuel Arias Carral

Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa parque San Lázaro, nº 1, 32003 Ourense)

Contacto: arias@uvigo.es

O proxecto formativo de cada unha das prácticas ofertadas que recolle ademais o tipo de tarefas e as competencias á desenvolver, de conformidade co artigo 7 do devandito Regulamento, publicouse na plataforma MOOVI.

Rematado o procedemento de solicitude e asignación das prazas, foron finalmente só 15 os estudantes que cursaron a materia (todos eles do Grao en Dereito). O último cuadrimestre de 4º curso, no que se cursa a materia Prácticas externas, adoita ter unha elevada carga docente para os estudantes que desexan finalizar os seus estudos en xuño, debido á realización do traballo de fin de grao, e ás veces resulta difícil compatibilizalo coa elevada presencialidade que requiren as prácticas externas (150 horas). Non obstante, debe terse en conta, para estes efectos, que son cada vez máis os estudantes que optan por formalizar prácticas extracurriculares desde o verán do curso anterior para solicitar posteriormente o recoñecemento da materia Prácticas externas ou créditos optativos ou, no seu caso, a incorporación das prácticas extracurriculares ao Suplemento Europeo ao Título.

Precisamente, o fomento da realización de prácticas na Facultade de Dereito, a través da súa colaboración coa área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo e da realización de varias edicións de Orienta-Iuris (Feira de Emprego Xurídico), antes aínda da súa participación nas Feiras InCampus organizadas dende a propia área e a Vicerreitoría de Estudantes, fixo que o primeiro Distintivo de Empregabilidade concedido pola Universidade de Vigo fose entregado, de entre todos os centros da institución, á Facultade de Dereito do Campus de Ourense no ano 2024.

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2024/2025

Unha acción de mellora permanente é a de aumentar os ámbitos de realización das prácticas e subscribir novos convenios, ao obxecto de adaptar as prácticas á normativa de Seguridade Social, que esixe a cotización á Seguridade Social, de conformidade co disposto polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

Ambas actuacións están relacionadas, pois a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación e a esixencia de alta e cotización a Seguridade Social das prácticas a partir de 2024, consonte a disposición adicional quincuaxésima segunda do TRLGSS, introducida polo Real Decreto-lei 2/2023, requiriu a subscrición de novo de todos os convenios de colaboración coas entidades externas colaboradoras. A Universidade de Vigo aprobou un novo modelo de convenio para incluír a asunción da obrigatoriedade do alta do alumnado e

do pago da cotización pola propia Universidade, o que requiriu promover novos convenios para axustarse a dito modelo e cumprir a normativa. No caso de convenios coas entidades públicas, nalgún caso asináronse addendas para especificar a responsabilidade, aínda que algunhas Administracións e Ministerios quixeron aprobar os seus propios modelos atrasándose a firma dos convenios nalgún caso puntual. En consecuencia, asináronse múltiples Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito a fin de ampliar a oferta de prácticas do centro.

Dada a necesidade de utilizar o aplicativo de prácticas da secretaría virtual da Universidade de Vigo no procedemento de asignación de prácticas, alta de entidades colaboradoras e de persoas titoras, inclusión de datos das prácticas..., que require múltiples tarefas meramente administrativas relacionadas coa materia Prácticas externas, no curso 2024/2025 propúxose como acción de mellora instar a que fora persoal técnico de xestión, administración e servizos da área o competente para o desenvolvemento de tales tarefas e, no seu caso, a contratación do persoal necesario para a súa realización. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2024/2025 e proposta de mellora para o curso 2025-2026.

Este informe debe comezar subliñando a entrega xa no curso anterior, en 2024, do primeiro Distintivo de Empregabilidade da Universidade de Vigo á Facultade de Dereito do Campus de Ourense, como recoñecemento que acredita o labor desenvolvido polo centro a favor da entrada efectiva no mercado laboral das persoas que escollen este centro para formarse. Trátase dun distintivo outorgado pola Universidade de Vigo por primeira vez para visibilizar, recoñecer, impulsar e incentivar a promoción de actuacións realizadas nos seus centros docentes co obxecto de fomentar o desenvolvemento das competencias e coñecementos do alumnado para mellorar a súa empregabilidade. Se recoñece así a implicación académica, a organización de accións propias de fomento da empregabilidade, a participación do alumnado e a implicación tanto na organización das feiras de emprego da UVigo como en actividades promovidas pola súa Área de Emprego e Emprendemento. A ampla traxectoria da Facultade na organización de actividades vinculadas á orientación profesional do seu alumando e na intermediación universitaria no emprego e a súa dilatada experiencia na organización de feiras de emprego fixérona merecedora da máxima puntuación para recibir o primeiro distintivo. A Facultade de Dereito destacou pola organización da súa feira propia -Orienta Iuris-, a pola súa estreita colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento no deseño, impartición e organización de actividades, en particular as vinculadas á orientación do alumnado e á mellora das súas competencias. Pero, sen dúbida, o distintivo é froito do esforzo conxunto de todos os colectivos da facultade e da implicación e colaboración das institucións, administracións, colexios profesionais, tecido empresarial e profesional, así como de egresados da facultade, que comparten as súas experiencias de inserción laboral e o impacto positivo que tivo para eles ter participado en iniciativas como as feiras de emprego universitarias e mesmo acollen agora como profesionais alumnado en prácticas.

Respecto do desenvolvemento das prácticas no curso 2024/2025, as funcións da coordinación e da titorización académica son velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar o órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. A tal efecto, mantiveronse reunións

presenciais e telemáticas cos estudantes para o seguimento das prácticas, enviáronse anuncios e puxéronse ao dispor do estudantado e accesibles na plataforma de teledocencia da materia os documentos, instrucións e información necesaria para a formalización, desenvolvemento e avaliación das prácticas, remitíronse correos electrónicos aos titores profesionais e estudantes en relación cos xestión das prácticas, clarificáronse as dúbidas formuladas sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas e desenvolvéronse outras actuacións relacionadas coas prácticas reflectidas nas memorias entregadas polos estudantes, como as necesarias para a visita institucional durante unha semana de vaios estudantes á Audiencia Nacional baixo a supervisión de D. José Luis Castro Antonio, maxistrado do Xulgado Central de Menores Único da Audiencia Nacional.

Durante o presente curso académico, utilizouse de novo o aplicativo informático para as prácticas, a iniciativa da área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, a través da secretaría virtual. Creouse a convocatoria de prácticas para cada materia identificada como prácticas curriculares, asociouse á mesma ao estudantado matriculado, vincularonse as prácticas ás entidades colaboradoras, déronse de alta aos novos titores externos nas entidades colaboradoras e aos titores académicos, creouse unha prácticas por estudante matriculado cos correspondentes datos, incluídas as datas e o proxecto formativo, asignar a cada práctica o titor externo e o titor académico correspondente, distribuíronse as horas asignadas á práctica, xeráronse os anexos correspondentes, remitíronse para a súa firma aos estudantes e titores, subíronse os documentos xa asinados á aplicación na lapela documentos, xeráronse os informes finais... En definitiva, todo o labor de coordinación de recoller e subir ao aplicativo a documentación das prácticas con información exhaustiva dos despachos colaboradores, os convenios subscritos, os titores profesionais e académicos asignados a cada práctica, o plan formativo, as datas de realización das prácticas, os informes, os certificados de titorización da práctica e de prácticas do estudantes... esixiu un esforzo importante por parte da coordinación académica das prácticas, ao non estar formado o persoal de administración e servizos para estas funcións e ter que proceder ao alta das entidades e dos titores e á creación da práctica alumno por alumno. Parte da información, unha vez subida ao aplicativo, manterase en parte en cursos vindeiros en tanto os despachos e os titores profesionais e académicos continúen participando na tutorización das prácticas, facilitando así o labor de coordinación.

Consta nas memorias e informes presentados polos alumnos un moi elevado grao de satisfacción coas entidades colaboradoras a coas prácticas profesionais, valorándose en todo momento o arduo traballo de todos os involucrados, sen manifestar incidencias relevantes nin propostas de mellora que poidan reverter nunha mellora da titulación.

É de subliñar, por último, que durante o presente curso académico, dezaseis alumnos e alumnas do Grao e o PCEO formalizaron prácticas extracurriculares a través da FUVI coa colaboración, como titora académica das prácticas, da coordinadora académica das prácticas. Na súa maior parte, as prácticas extracurriculares se recoñecen por créditos optativos, aínda que nalgúns supostos os estudantes optan pola súa inclusión no expediente ou su reflexo no Suplemento Europeo do Título. Ademais, en 3 dos casos as prácticas se desenvolveron no marco das 10 bolsas convocadas por resolución reitoral no programa de prácticas Campus Auga, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas durante 2-3 meses consecutivos (entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2025) para potenciar a empregabilidade do estudantado matriculado nunha das 15 titulacións adscritas ao Campus Auga, a través das prácticas remuneradas en empresas, facilitando o seu

acceso a unha primeira experiencia laboral e mellorando así a súas oportunidades laborais e a súa carreira profesional. O importe da bolsa ascendeu a 600 € euros brutos mensuais.

Polo demais, seguíronse actualizado os convenios xa existentes e potenciando novas sinerxias e colaboracións, e participouse activamente na Feira EmpregoinCampus, organizada pola Área de Emprego e Emprendemento en colaboración cos centros do Campus de Ourense, que tivo lugar o xoves, día 9 de abril, coa presenza dun elevado número de stands de despachos, institucións e administracións convidadas a participar pola Facultade de Dereito e de un elevado número de estudantes da Facultade de Dereito. Os stands non só ofreceron prácticas e emprego aos estudantes senón tamén lles informaron de saídas profesionais no ámbito das administracións públicas.

En relación coas acción de mellora para o curso 2025-26, propónse manter a seguinte:

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Prácticas externas que deben realizarse a través do aplicativo de prácticas na secretaría virtual da Universidade de Vigo a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

4.5. Reunións e actuacións de coordinación da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2024-25, a iniciativa das coordinadoras da materia Traballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Traballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño-xullo 2024: Elaboración da guía docente polo coordinadora e aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2024/25 -novembro de 2024 (1º prazo), febreiro de 2025 (2º prazo), xuño de 2025 (3º prazo), xullo de 2025 (4º prazo) e setembro de 2025 (5º prazo)-
- Setembro 2024: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2024/5.
  Aprobación pola Comisión Permanente dos criterios de asignación de titor/a para o TFG para o alumnado de nova matrícula que desexen concorrer ao primeiro prazo de defensa (novembro de 2024), asignación das persoas titoras e fixación de prazo para a presentación da proposta temática na secretaría do decanato.
  Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2024-2025 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. Roberto Couto Calviño e D. David Castro Liñares, previa solicitude expresa dos interesados.
- Outubro-novembro de 2024: Publicación da relación de profesorado que no curso 2024/25 reúne os requisitos para titorizar TFGs.

- Novembro de 2024: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2024-2025.
- Decembro de 2024: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2024-2025 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- Xaneiro de 2025: Aprobación da listaxe definitiva de propostas temáticas para o Traballo de fin de grao do curso académico 2024-2025.

  Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º cruso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.

  Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbraselle ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.

- Febreiro de 2025: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- Maio de 2025: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa…-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto.
- Xaneiro-xullo de 2025: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia Moovi, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” ata o curso 2024-2025

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispuxo nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirían coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que tería un mínimo de 6 créditos e que debería realizarse na fase final do plan de estudos e estaría orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

De similar xeito, o vixente Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade prevé, nas directrices para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de grao (art. 12 apartados 2 e 6) o carácter obrigatorio do TFG, que ten como obxectivo esencial a demostración polo alumnado do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Terá un mínimo de 6 créditos e deberá realizarse na fase final do plan de estudos e defenderse nun acto público. A súa superación é imprescindible para obter o título oficial

Ata a implantación dos estudos de grao, a incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carecía de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificultou a configuración da materia e xustificou a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto "investigación" e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de "recompilación", respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os "Resultados de aprendizaxe" recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: "Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal". Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un "traballo de recompilación", un "traballo de investigación", cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, no Real Decreto 822/2021 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 13): "Os ensinos oficiais de Grao, como ciclo inicial dos ensinos universitarios, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeneralista do e da estudante ... a través da transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva ... os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.".
- MÁSTER (art. 16): entre os posibles obxectivos dos ensinos de Máster figura a formación encamiñada á "aprendizaxe nas actividades investigadoras".
- DOUTORAMENTO (art. 19): os estudos de doutoramento deben conducir a "a adquisición das competencias e habilidades concernentes coa investigación universitaria de calidade e o seu desenvolvemento".

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en "formación continua", como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en "fin de carreira", converter a súa matrícula en "formación

continua" nunha matrícula ordinaria no Máster.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/ TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo resultaban moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021 (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da

Universidade de Vigo "o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG"; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

En relación coa *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados, aínda que no curso 2024-25 superou considerablemente a acadada nos cursos 2022-23 e 2023-24, segue a ser baixa, inferior ao 50%. Non obstante, debe terse en conta a normativa da UVigo que esixe ter superada a totalidade dos créditos restantes para a obtención do título para a defensa do TFG. Sendo ese o principal obstáculo, é difícil prever accións de mellora efectivas non asociadas á modificación mesma da devandita normativa.

Á luz dos datos obtidos no presente curso académico continuarase avanzando na busca de accións de mellora continua que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, o problema céntrase esencialmente en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden materialmente defender o Traballo de fin de grao. Nalgunha ocasión, ademais, os alumnos están a realizar prácticas extracurriculares, mesmo noutros Estados, para as que precisan continuar matriculados na titulación que deu orixe ás prácticas no curso seguinte e optan por non defender o TFG, aínda que o poderían ter rematado. Elo incide non só na taxa de avaliación senón tamén nas de gradación e de idoneidade.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesión presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación…, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática. Acordouse tamén estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixirase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

Adoptáronse igualmente medidas respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio. O estudante pode solicitar a asignación dunha persoa titora concreta, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento. Pero, respecto a súa avaliación, aplicaranse os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

En relación coa gravación do acto de defensa do TFG só se prevé no caso de que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas.

Non obstante, o artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023) esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban "gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe". A Comisión de Calidade, na súa reunión de 6 de novembro de 2023, adoptou por asentimento o acordo de "non proceder a gravación do acto de defensa dos TFG/TFM por considerar que o artigo 22.2 do Regulamento sobre avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado, aprobado o 18 de abril de 2023, queda garantido polo sistema actual".

No curso 2023-24 habilitouse o Campus docente SIGMA para o desenvolvemento e a realización dos trámites relacionados coa materia Traballo de fin de grao. En tanto a Universidade de Vigo preparou o aplicativo para poder realizar os trámites relacionados ca materia, incluída a solicitude da defensa, houbo de utilizarse un procedemento provisional que substituíu á solicitude de defensa que se facía a través da Secretaría Virtual, incompatible co novo Campus docente. A utilización de SIGMA a partir do prazo de xuño esixiu a realización por parte da coordinadora e dos titores de tarefas administrativas que deberían ser asignadas ao persoal técnico de xestión, administración e servizos e non ao persoal docente e investigador. No curso 2024-25 as ditas tarefas compartíronse xa con persoal técnico

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2024/25

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Traballo de Fin de Grao e Traballo de Fin de Máster, e prácticas de Grao e Máster, que deben realizarse a través do portal académico SIGMA a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

  A secretaría do decanato asumiu en colaboración coa coordinadora do TFG as tarefas administrativas relacionadas coa materia TFG a realizar a través do portal académico SIGMA a PTXAS

- Incrementar a taxa de avaliación do TFG no Grao: Analizar as posibles causas normativas que inciden na falta de alumnado que se presenta á defensa do TFG e, si é o caso, propor ós órganos competentes unha modificación da normativa.
  Aínda que a causa da baixa taxa de avaliación vincúlase á normativa da Uvigo, que esixe ter superados todos os créditos das restantes materias para presentar o TFG, o certo é que a dita taxa incrementouse no curso 2024/2025.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2024/2025

Datos comparativos		2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24	2024/25
Estudantes matriculados		56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo	120	134	112	99	114
Estudantes presentados	Total	46 (+1 susp. xuño)	35 (32 aprobados +3 susp.)	53 (+4 suspensos FC)	35	20 Grao + 5 Pceo	42 Grao + 10 Pceo	59 (+1 susp. xullo)	59	39	38	53
	Nov.	7	4	14	6	4	8 + 0	4	6	6	3	8
	Febr.							8	5	4	4	3
	Xuñ.	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3	16	14	10	8	21
	Xul.	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4	20	18	8	15 (-1 susp.)	13
	Set.				3		5 + 1 / 9 + 2	12	16	11	9	8
Cualificacións	Total	MH 1	0	4	0	1 + 1	1	1	1	0	3	2
		Sb 3	9	15	6	5 + 1	3 + 1	22	6	11	7	19
		N 20	11	18	18	9 + 3	22+ 9	25	30	21	16	20
		A 22	12	16	11	5	16	11	22	7	12	12
		Susp 1	3	4	0	0	1	1 (1 apr.	0	0	1 (apr. en	

								en sept. 2021)			sept. 2024)	
Nov.	**MH**	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
	Sb	0	0	1	0	0	0	2	1	3	1	2
	N	3	2	1	3	2	5	1	2	2	1	4
	A	4	1	8	3	2	3	1	3	1	1	2
	Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	0	0			
Feb.	**MH**											
	Sb							3		2	1	2
	N							4	4	1	1	
	A							1	1	1	2	1
	Susp											
Xuño	**MH**	1	0	2	0	0		1	0	0	2	1
	Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1	7	3	2		9
	N	9	3	11	7	5	4 + 2	5	7	8	5	7
	A	10	4	6	3	0	3	3	4		1	4
	Susp	1(ap. en xullo 2015	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)	0	0			
Xullo	**MH**	0	0	2	1 + 1	2	1		1	0		1
	Sb	1	6	4	4	3	2	6	2	2	4	5
	N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10	6	4	5	4
	A	8	7	2	3	3	4	3	9	2	5	3
	Susp	0	2	**0**	**0**	**0**	**0**	**1 (ap. en sept. 2021)**			**1**	

	Set.	**MH**						**0**	**0**				**1**	
		Sb						**0**	**1**	**4**		**2**	**1**	**1**
		N				**1**		**3 + 1**	**4 + 2**	**5**	**11**	**6**	**4**	**5**
		A				**2**		**2**	**4**	**1**	**5**	**3**	**3**	**2**
		Susp						**0**	**0**	**2**				

E. Propostas de mellora para o curso 2025/2026

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Traballo de fin de Grao que deben realizarse a través do portal académico SIGMA a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

- Revisión, e modificación si procede, do regulamento de TFG de cara a incrementar a taxa de graduación do TFG.

4.6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou disfuncións detectadas, así como para establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 2024/2025 celebráronse as seguintes reunións:

-Reunión de 4/12/2024. A orde do día da citada xuntanza foi a seguinte (extracto da convocatoria remitida polo Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo):

1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (4 de decembro de 2023).

3º. Revisión e coordinación das actividades académicas e administrativas conxuntas para o Grao en Dereito.

4º. Rolda aberta de intervencións.

Así mesmo, ademais das referidas xuntanzas virtuais, mantivéronse, ao longo do curso académico 2024-2025, contactos vía telefónica/correo electrónico/whastapp entre ambos equipos decanais.

O borrador da citada reunión - pódese consultar no apartado 6, Anexos.

4.7. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

Durante o curso académico 2024/2025 celebrouse unha reunión da Comisión de Coordinación do PCEO ADE-Dereito o 17/07/2025 coa seguinte orde do día (extracto da convocatoria remitida pola Decana da Facultade de Dereito):

1.- Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría na presente reunión.

2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19 de xullo de 2024).

3.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.

4. - Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG -datos académicos dos tres últimos cursos (desde o curso 2021/22).

5.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de graduación e idoneidade.

6.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.

7.- Rolda das intervencións e propostas de accións de mellora.

A acta da citada reunión, pendente de aprobación, pode consultarse no apartado 6, Anexos.

5. Outras accións de coordinación desenvolvidas

5.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

No curso 2024, /2025, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito adoptou os seguintes acordos, estimados relevantes dende a perspectiva da Coordinación:

- 31/01/2024:

1. Validar a proposta de previsión de gasto do centro para o exercicio 2024.
2. Aprobar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación.
3. Validar as propostas conxuntas de formación propostas pola coordinación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito para o PDI (cursos de: sinatura electrónica; novas funcionalidades do buscador PERSEO da biblioteca universitaria; programa SIGMA: perfil do docente).
4. Trasladar a Vicexerenta de Coordinación Académica e os responsables da xestión da plataforma Sigma as incidencias derivadas da non incorporación dos coordinadores de materias nas plataformas Moovi e Sigma nos supostos nos que a docencia atribuída en POD das horas "A" das materias se imparten por profesorado contratado temporal.

- 29/02/2024:

1. Validar o procedemento XD-01: Control de documentos e dos rexistros.
2. Validar as actividades e gastos vinculados o distintivo de empregabilidade (visitas e saídas prácticas do estudantado aos órganos xudiciais tanto da comunidade autónoma como estatais e asistencias ás vistas; formación práctica do estudantado por parte dos operadores xurídicos deses órganos (xuíces/as, fiscais, maxistrados, letrados); visitas e saídas de campo, prácticas do estudantado nas institucións públicas e empresas coa finalidade de mellorar os contidos prácticos adquiridos nas diferentes materias do grao en

dereito complementadas coa adquisión de coñecementos a través de charlas de formación práctica; charlas e foros destinadas á empregabilidade dos titulados/as).

- 18/03/2024:

1. Validar a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento do título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021.

- 15/04/2024:

1. Elaborar un cronograma coas actividades a desenvolver no próximo curso académico (Día Internacional da Muller, Día Internacional do Traballo…) para a súa remisión ó profesorado da Facultade, coa finalidade de que especifique en qué actividades estaría interesado en participar.
2. Validar a seguinte relación de actividades de formación docente para a súa remisión ao Campus da Auga: 1. Principais ferramentas de intelixencia artificial para o seu uso na docencia; 2. LegalTech; 3. Solicitude e emprego da sinatura electrónica; 4. SIGMA: funcionalidades para o perfil docente; 5. Funcionalidades de MsOffice 365 para docencia e xestión; 6. As TEC (Tecnoloxías para o empoderamento e a participación); 7. Recursos educativos en aberto; 8. Realización de presentacións con CANVA ou outro programa distinto a Powerpoint ; 9. Utilización de Kahoot ou outro programa similar para facer cuestionarios.

- 03/06/2024:

1. Validar o procedemento DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico.

- 24/07/2024:

1. Validar as primeiras accións de internacionalización da Facultade de Dereito.
2. Validar as obras previstas na Facultade nos vindeiros meses.
3. Validar o cronograma provisional de actividades da Facultade de Dereito para o curso 24-25.
4. Validar as Guías Docentes do Grao en Dereito e do PCEO, para o curso 24-25, a excepción da Guía da materia Dereito Romano que queda condicionada a revisión do apartado relativo á planificación da evaluación. Delégase na coordinadora do Grao en Dereito, Dª Mónica Siota Álvarez, dita revisión.
5. Validar a xornada de acollida do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito e o Curso de Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADEDereito (Curso 3.5).
6. Adoptar medidas de carácter tecnolóxico para detectar o uso fraudulento de dispositivos móviles nos exames, e remitir un recordatorio ó profesorado para que esté especialmente vixilante durante a realización das probras.
7. Validar o Anexo I do Procedemento DE-02: Panel de indicadores, Cadro de Mando da Facultade de Dereito.

- 13/01/2025:

1. Validar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
2. Validar as propostas recibidas por parte dos membros do grupo de traballo en relación coa identificación das necesidades, oportunidades, fortalezas e debilidades identificadas para desenvolver o Programa de desenvolvemento Extratéxico da Facultade de Dereito, e integralas no documento provisional
3. Preparar un borrador cos eixes e obxectivos específicos do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultad para a posterior análise.

- 29/01/2025:

1. Validar os eixes e obxectivos específicos a incluír no borrador do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade.
2. Validar os indicadores de calidade asociados os obxectivos específicos a acadar segundo o borrador do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade.
3. Actualizar o Plan de Melloras do Centro.

- 20/02/2025:

1. Actualizar o Plan de Melloras do Centro.
2. Validar o Programa de Desenvolvemento Extratéxico da Facultade e delegar na Sra. Vicedecana a corrección de cuestións formais.
3. Tomar en consideración os asuntos vencellados ao presuposto do Centro.
4. Validar a solicitude de visitas a empresas e institucións no marco das axudas do "Campus Auga" para o segundo cuatrimestre do curso 2024/2025.
5. Validar o Curso de Actualización Xurídica para o curso 2024/2025 e da Conferencia do Día Internacional da Muller.

- 29/05/2025:

1. Validar o autoinforme para a renovación da acreditación institucional da Facultade de Dereito e delegar na Vicedecana de Calidade a corrección de cuestións formais ou erros materiais así como a introducción das modificacións acordadas (datos relativos á realización de prácticas extracurriculares, empleabilidade do alumnado, e de movilidade do PDI).

- 4/07/2025:

1. Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso 2025/2026 e delegar na coordinadora do Grao en Dereito a revisión das modificacións pendentes.

5.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2024/2025 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas -ben presencialmente, ben *on line*-:

TÍTULO	ORGANIZACIÓN/COORDINACIÓN/ DIRECCIÓN	DATA
Xornada de acollida. Introdución aos estudos de Dereito	D.ª Susana Álvarez González D.ª M. Belén Sánchez Ramos	9-setembro-2024

Xornada de acollida. Mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría	Coordinación : D.ª M.ª Dolores Fernández Fustes D. Benjamín Mayo Martínez D.ª M.ª Esther Cereijo Ruíz D.ª Lidia Noriega Rodríguez Comité organizador : D.ª Susana Álvarez González D. Virxilio Rodríguez Vázquez Dª. Mónica Siota Álvarez	14-outubro-2024
Seminar on Data Protection	Coordinación: D.ª Susana Álvarez González	17 e 19 de setembro de 2024
Seminario: O Dereito tamén en galego	Comité organizador: D.ª Susana Álvarez González D.ª Francisca Fernández Prol	27-setembro-2024
Xornada sobre dereito constitucinal do traballo	Coordinación: D.ª Marta Fernandez Prieto D.ª Francisca Fernández Prol	3-outubro-2024
Seminario Internacional: “Xustiza e Estado de Dereito contemporáneo”	Organización: D. Antón Lois Fernández Álvarez D. Gilvan Luiz Hansen	14 e 15 de outubro de 2024
Jornadas sobre Derecho y Literatura	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez	17-outubro-2024
Pensar el Derecho: la dimensión performativa del razonamiento jurídico	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez Coordinación: Xosé Manuel Pacho Blanco	18 de outubro e 7 de novembro de 2024
XIV Curso Pensar o cinema: a muller como boneca	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez Coordinación: D.ª Claudia Zulema Robles Gómez D.ª Teresa Roa MartínezPen	18 e 25 de outubro e 7 de novembro de 2024

Feminismo y Teoría del Derecho: El debate sobre la regulación jurídica de la pornografía	Dirección académica: D. Pablo Bonorino Ramírez	24 de outubro e 7 de novembro de 2024
Xornada de transferencia Adaptación e mantemento do emprego en empresas en crise: ferramentas e actores	Comité organizador: D.ª Antía Sández Callejo D.ª Cristina Fabeiro Varela D. Jaime Cabeza Pereiro D.ª Marta Fernández Prieto D.ª Francisca Fernández Prol	30-outubro-2024
Obradoiro: Implicacións prácticas para as empresas da nova regulación da UE sobre dilixencia debida en materia de sustentabilidade	Dirección: D.ª Ana María Tobío Rivas D. Juan Manuel de los Ríos Sánchez Coordinación: D. Roberto Couto Calviño D.ª Sara Menor Conde	31-outubro-2024
Congreso: X Memorial Manuel Serra Domínguez “Derecho procesal y ciudadanía: retos socioeconómicos y politización de la justicia”	Dirección: D.ª Esther Pillado González Coordinación: D.ª M.ª Dolores Fernández Fustes	7 e 8 de novembro de 2024
Curso: Violencia de xénero	Organización: Iltre. Colexio da Avogacía de Ourense	21 e 28 de novembro de 2024
Curso 3.5: Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e de 4º curso do PCEO ADE-Dereito	Coordinación: D.ª Susana Álvarez González	29-xaneiro-2025
Curso de Actualización Xurídica 2024/2025	Comité organizador : D.ª Susana Álvarez González D.ª Francisca Fernández Prol	21-febreiro-2025

8M-Día internacional da Muller: Solo si é si, ou non? Razóns e desrazóns das últimas reformas dos delitos sexuais	Coordinación: D.ª Francisca Fernández Prol D.Virxilio Rodríguez Vázquez	7-marzo-2025
II Xornadas galegas sobre protección e defensoría de mulleres defensoras de dereitos humanos: Os dereitos humanos ante unha nova orde mundial		24-abril-2025
XII Curso sobre dereitos humanos, sociedade e tecnoloxías da información	Dirección: D.ª Ana Garriga Domínguez D.ª Susana Álvarez González	27 e 28 de maio de 2025
Curso de formación para o persoal docente e investigador: Introdución á IA xenerativa para a súa aplicación na docencia e investigación universitaria	Coordinadora: D.ª Lourdes Borrajo Diz	10-xuño-2025

5.3. Actuacións de promoción do centro

Ao longo do curso 2024-2025 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro entre as que cómpre destacar:

- Celebración da Feira de Emprego: o día 27 de novembro de 2024 celebrouse no IES As Lagoas-Ourense entre as 11.00 e as 14.00 h.

  Obxectivos: Dar a coñecer ao estundantado a demanda de persoal de distintas entidades de moi diversos sectores, así como de contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

- Celebración do curso 3.5: o día 28 de novembro de 2024 celebrouse no Colexio Divina Pastora entre as 12.30 a 13.30 h.

  Obxectivos: Dar a coñecer ao estundantado a demanda de persoal de distintas entidades de moi diversos sectores, así como de contactar directamente coas persoas responsables dos procesos de selección.

- Celebración da Xornada Coñece o Campus de Ourense: os días 15 e 16 de xaneiro de 2025 na Aula Magna Facultade de Dereito entre as 10.45 e as 11.45 e entre as 12.15 e as 13.15 h. Participación de 402 alumnos de diferentes centros de Bacharelato.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os alumnos de bacharelato dos diferentes centros, os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

- Celebración da Xornada Coñece o Campus de Ourense: os días 7 e 8 de abril de 2025 na Aula Magna Facultade de Dereito entre as 10.30 e as 11.30 e entre as 12.15 e as 13.15 h. Participación de 268 alumnos de diferentes centros de Bacharelato.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os alumnos de bacharelato dos diferentes centros, os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

- Celebración da I Feira de educación na provincia de Ourense (Expourense): os días 2 e 3 de abril de 2025 no Recinto Expourense

  Obxectivos: promover o intercambio de experiencias, a aprendizaxe colaborativa e o fortalecemento das relacións entre os distintos niveis educativos e entre alumnos, centros, profesores, directores e outros expertos vinculados ao sector.
- Celebración das Xornadas informativas para estudantado do Programa LCA (virtual): o día 26 de marzo de 2025 entre as 13.25 e as 13.30 h. Proxectouse un vídeo promocional da Facultade. As persoas interesadas podían contactar coa responsable de Relacións Internacionais da Facultade.

  Obxectivos: Asesorar e orientar ao alumnado de Programa LCA.

- Celebración da Semana de Portas Abertas (Virtual): o día 10 de xuño de 2025.

  Obxectivos: Dar a coñecer entre os potenciales estudantes os recursos e ferramentas que, aos efectos referidos, teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

5.4. Promoción internacional do centro a través do profesorado, PAS e alumnado participante en programas de mobilidade:

PDI					
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Colombia	1	1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Italia	1	1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Axudante Doutor/a	Facultade de Dereito	Portugal	2	2
Erasmus+ KA131	Profesor/a Interino/a de substitución	Facultade de Dereito	Suecia	1	1

Erasmus+ KA131	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Italia	1		1
Erasmus+ KA131	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Portugal	2		2
Erasmus+ KA171	Profesor/a Titular de Universidade	Facultade de Dereito	Uruguai		1	1

PTXAS: 0

Alumnado:

- **Mobilidade ERASMUS**: 18 alumnos/as
-
- **Mobilidade SICUE**: 4 alumnos/as

5.5. Promoción da titulación e divulgación das actividades levadas a cabo na Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso:

Divulgación a través das redes sociais, especialmente Facebook, e Instagram, de todas as actividades que se levan a cabo na Facultade.

6. Incidencias e actuacións máis relevantes. Accións de mellora

6.1. Incidencias e actuacións máis relevantes

A. PRIMEIRO PERIODO

Como en cursos precedentes, no primeiro período, requeriuse ao profesorado a elaboración de cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de traballo -de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

B. SEGUNDO PERIODO

De novo, no segundo período, requeriuse ao profesorado a elaboración dos cronogramas das materias, sendo os mesmos obxecto de análise pola Coordinación, sinaladamente a efectos de elaboración do Google Calendar. Esta ferramenta, a disposición do alumnado na páxina web do centro, permite visualizar, por cursos académicos, as probas de avaliación continua fixadas polo profesorado. Elo permite evitar sobrecargas de

traballo –de apreciarse exceso ou concentración de probas nuns mesmos días, solicítase ao profesorado cambios na planificación das tarefas-, así como unha mellor auto-organización do alumnado.

6.2. Accións de mellora para o curso 2025/2026

- -Valorar a creación dun espazo de coordinación na plataforma MOOVI para o profesorado da titulación.

• En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora son:

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Prácticas externas que deben realizarse a través do portal académico SIGMA a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

• En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade, non se propoñen accións de mellora.

• En relación coa coordinación da materia de TFG, as melloras propostas son:

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Traballo de fin de Grao que deben realizarse a través do portal académico SIGMA a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

7. Conclusións

As accións desenvolvidas -entre outras, reunións de coordinación co alumnado, reunións de coordinación co Profesorado, Plan de Acción Titorial, Coordinación do alumnado implicado en programas e accións de mobilidade, Coordinación da materia TFG, Coordinación de Prácticas Externas...- garanten un rigoroso cumprimento da Memoria do Grao en Dereito. Ademais, aportan á Comisión de Calidade e ao Decanato información relevante relativa ao proceso de implantación do Sistema de Garantía da Calidade na Facultade de Dereito, tanto no marco do Grao en Dereito como respecto do Plan Conxunto ADE-Dereito.

A análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e no Plan Conxunto ADE-Dereito permiten acadar as conclusións seguintes:

- Na Facultade de Dereito, o desenvolvemento da docencia, así como doutras actividades complementarias, non se viu afectado por disfuncións notables ou de carácter substancial.

- As disfuncións detectadas -menores ou accesorias- foron obxecto de análise detallada polos órganos correspondentes e posterior resolución conforme á normativa de aplicación.
- Malia o balance positivo do Curso 2024-2025, propóñense, para os próximos cursos, varias accións, dirixidas a proseguir na mellora continua da titulación.

8. Anexos

Para completar a información, achéganse, en Anexos, os documentos seguintes:

ANEXO I: ACTAS DE REUNIÓNS DE COORDINACIÓN

ANEXO II: INFORME SEGUIMENTO TFG

ANEXO III: INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓNS E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2024/2025 E PROPOSTA, SE PROCEDE, DE MELLORAS PARA O CURSO 2025/2026

ANEXO IV: INFORME DE SEGUIMENTO. RELACIÓNS INTERNACIONAIS

ANEXO V: INFORME FINAL DE REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES PARA O CURSO 2024-2025

ANEXO VI: INFORME FINAL PAT 2024/25

Sinaturas:



Vicedecana de Planificación e Calidade



Vicedecana de Organización Académica e Profesorado



Coordinadora de Relacións Internacionais



Coordinadora do Grao



Coordinadora do TFG e de Prácticas Externas



Decana da Facultade de Dereito de Ourense e Coordinadora de Prácticas Externas

Listaxe de asistentes: 1. Profª. Susana Álvarez González (Decana da Facultade de Dereito). 2. Prof. Jesús Vázquez Abad (Decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) 3. Profª. Elena Gallego (Coordinadora do Grao en ADE) 4. Profª. Mónica Siota Álvarez (Coordinadora do Grao en Dereito).	Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), convocada polo Decano da Facultade de CC. Empresariais e Turismo o día 17 de xullo de 2025, ás 10:30 horas, en primeira convocatoria, e ás 10:45 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas da Facultade de CC. Empresariais e Turismo, coa seguinte orde do día: **1.- Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría na presente reunión.** **2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19 de xullo de 2024).** **3.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.** **4.- Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG - datos académicos dos tres últimos cursos (desde o curso 2021/22).** **5.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de graduación e idoneidade.** **6.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.** **7.- Rolda das intervencións e propostas de accións de mellora.**

Punto 1º.- Designación do membro da comisión que exercerá as función de secretaria na presente reunión.

Noméase a Elena Gallego como secretaria da presente reunión.

Punto 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19 de xullo de 2024).

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

Punto 3º.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.

A coordinadora do grao en ADE, a profesora Elena Gallego, informa que o estudantado do PCEO está en xeral satisfeito ca titulación e nas reunións mantidas cos alumnos nos dous cuadrimestres (no primeiro o coordinador era o profesor Marcos Álvarez) non manifestaron ningunha queixa ou suxerencia.

Con motivo desta reunión a coordinadora de ADE abriu a posibilidade de que os

alumnos enviaran un mail con propostas, queixas ou suxerencias, e as respostas recibidas abordan cuestións relacionadas cas prácticas extracurriculares, co PAT e cos horarios.
A coordinadora do Grao en Dereito sinala que os horarios están revisados para evitar solapamentos, pero non é posible implantar horario de mañá. En relación ás prácticas hai información na web da Facultade de Dereito e os representantes de ámbolos dous títulos coinciden en que o PAT non ten a efectividades desexada e non se consigue implicación por parte do alumnado.

A Decana da Facultade de Dereito sinala a conveniencia de promover a movilidade internacional dos alumnos do PCEO, a través do programa Erasmus, establecendo acordos con facultades que teñan ámbalas dúas titulacións. Trasladarase esta necesidade a Vicedecana de Relacións Internacionais da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Punto 4º.- Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG -datos académicos dos tres últimos cursos (desde o curso 2021/22).

Punto 5º.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de graduación e idoneidade.

O puntos 4º e 5º da orde do día foron tratados de forma simultánea dado que consistiron no análise de diversos indicadores académicos.

A coordinadora do Grao en ADE afirma que, en xeral, os datos académicos son positivos. En concreto analízanse os seguintes datos:

A taxa de rendemento é elevada 85%, situándose por riba do obxectivo establecido (≥70%) e apreciase un ascenso paulatino. A taxa de éxito no período sitúase ó redor do 90% superando o obxectivo marcado (≥80%)

A taxa de abandono é alta, 15%, e por riba da meta marcada, polo que se observará a evolución deste indicador; hai que ter en conta que moitos dos abandonos non son reais xa que son estudantes que abandonan un dos graos (ADE ou Dereito), pero proseguen os seus estudos na Universidade de Vigo.

A taxa de graduación experimentou unha mellora significativa pasando dun 54% a un 70% o que supón superar ó obxectivo. Estábase considerando a posibilidade de modificar este indicador, pero proponse observar a súa evolución antes de decidir unha modificación do mesmo.

A taxa de eficiencia mostra valores positivos por riba do 91% superando a meta fixada.

O coordinadora da FCETOU tamén comenta outros datos académicos de interese como son, a nota media que presenta un descenso para o curso 23/24 (9.32) fronte ó 10.59 do 21/22. Pola súa banda a nota de acceso subiu do 9.13 ó 9.32, cumpríndose o obxectivo fixado (>7). A nota media incrementouse do 11.61 no curso 2021-2021 ó 11.69 no curso 2023-2024.

A duración media dos estudos, fixada en 6 anos supera ó obxectivo a presenta unha evolución negativa pois pasou dun 5.53 no curso 21/22 a un 6.17 no curso 23/24, se ben non se considera

este resultado preocupante, dado que o exceso non é moi significativo, e a realización dos dous TFG nalgúns casos retrasa a finalización das dúas titulacións

A Decana da Facultade de Dereito, polo que se refire á taxa de idoneidade, explica que os datos proporcionados pola Universidade de Vigo non coincide cos que se calcularan dende a Facultade. Con todo, valora positivamente os datos proporcionados pola Universidade de Vigo en relación coa taxa de idoneidade, na que se apreciou unha mellora nos resultados, alcanzándose no 23/24 un 33%.

A Decana da Facultade de Dereito e a Coordinadora do Grao en Dereito coinciden na valoración positiva dos datos da titulación, que evidencia a boa marcha do título e dan mostra do afianzamento e solidez do título.

6.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.

As enquisas de satisfacción realizadas polos alumnos outorgan unha valoración de 3.38 á titulación, sendo os aspectos peor valorados os horarios da titulación e o calendario de probas de avaliación. A este respecto a Decana de Dereito sinala á imposibilidade de asignar ó PCEO quenda de maña, pois non hai suficiente profesorado que poda impartir clases neste horario. En relación aos exames sinala que están postos de forma que non coincidan no mesmo día probas do mesmo curso nin de cursos contiguos.

Punto 7º.- Rolda de intervención e propostas de accións de mellora.

Non hai ningunha intervención ou proposta de mellora.

E non habendo máis puntos a tratar dáse por rematada a reunión da Comisión de Coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO) ás 11:45 horas do día sinalado ao inicio desta acta, do que dou fe como secretaria co visto bo da señora presidenta.

Ourense, a 17 de xullo de 2025

A PRESIDENTA DA COMISIÓN

Jesús Vázquez Abad

A SECRETARIA

Elena Gallego Rdguez

Listaxe de asistentes: 1. Prof. Marcos Álvarez Díaz (Coordinador do Grao en ADE) 2. Profª. Susana Álvarez González (Decana da Facultade de Dereito). 3. Profª. Montserrat Cruz González (Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) 4. Prof. Xabier Sánchez Sellero (Vicedecano de Estudos de Grao da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) 5. Profª. Mónica Siota Álvarez (Coordinadora do Grao en Dereito). Convídase con voz e sen voto ao Vicedecano de Grao e Relacións coa Empresa da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (o Prof. Xabier Sánchez Sellero).	Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), convocada pola Decana da Facultade de Dereito o día 19 de xullo de 2024, ás 12:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 12:30 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día: **1.- Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría na presente reunión.** **2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21 de xullo de 2023).** **3.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.** **4.- Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG -datos académicos dos tres últimos cursos (desde o curso 2020/21)-.** **5.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de graduación e idoneidade.** **6.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.** **7.- Rolda das intervencións e propostas de accións de mellora.**

Punto 1º.- Designación do membro da comisión que exercerá as función de secretaria na presente reunión.

Noméase a Mónica Siota Álvarez como secretaria da presente reunión.

Punto 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21 de xullo de 2023).

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

Punto 3º.- Informe da coordinadora do grao en Dereito e do coordinador do grao en ADE.

O coordinador do grao en ADE, o profesor Marcos Álvarez Díaz, informa que mantivo unha xuntanza co estudantado do PCEO e que estaban moi preocupados porque non estaban publicados os horarios e tiñan que preinscribirse nas materias optativas de Dereito. A Decana da Facultade de Dereito explica que este problema xa está solucionado e que o estudantado dispuxo do horario das materias optativas o mesmo día que comezaba a preinscripción.

O Coordinador do grao en ADE sinala que outra incidencia que o alumnado lle manifestou foi en relación cunha materia que se impartía de xeito distinto en horario de mañá e de tarde -realizándose tamén exames distintos na quenda de mañá e na de tarde-. Ao que a Decana da Facultade de Dereito lle comenta que a devandita circunstancia é posible na medida en que, segundo o POD o profesorado que imparte cada quenda é distinto, e sempre que se impartan os contidos da guía docente.

Asemade, o Coordinador do grao en ADE explica que o estudantado do PCEO, con quen mantivo unha xuntanza, considéranse discriminados en relación ao alumnado de ADE á hora, por exemplo, de cambiar unha clase ou unha proba de avaliación continua ao seren minoría. Para tratar de evitar esta situación, a Decana da Facultade de Dereito comenta que dende fai uns cursos establecen primeiro a planificación docente do PCEO, e despois a planificación docente do grao en Dereito. Tamén se queixaron de que en Dereito non lles deixan cambiarse de quenda, da de tarde á de mañá, e en ADE si. Pero segundo a Decana da Facultade de Dereito a razón que explica esta circunstancia é que no PCEO en Dereito hai grupo propio, e incluso se se pasara o grupo propio a quenda da mañá xunto co grupo do grao no PCEO podería acontecer que tivesen clase tanto na quenda de mañá -en Dereito- coma na quenda de tarde -en ADE-.

O Coordinador do grao en ADE tamén sinala que o estudantado se queixou de que nalgunhas aulas en ADE non teñen suficientes enchufes. A Decana da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo tratará de solucionar esta situación no futuro, pero neste momento a Facultade non dispón de orzamento suficiente para afrontar o problema.

Por último o Coordinador do grao en ADE traslada que o estudantado tivo moitos problemas derivados da nova plataforma SIGMA para cumprimentar as enquisas de valoración docentes, entre outros, non atopaban a todo o profesorado de xeito que algúns non puideron ser valorados.

A coordinadora do Grao en Dereito, a profesora Mónica Siota Álvarez, manifesta que, coma cada curso, puxo á disposición dos alumnos os cronogramas no Google Calendar coas probas de avaliación continua para que o estudantado poida planificar as materias e xestionar mellor o seu tempo.

Ademais informa que os/as delegados/as de curso manifestaron nas xuntazas que tivo con eles a súa satisfacción co PCEO. Non salientaron grandes disfuncións no funcionamento do PCEO, e agradeceron expresamente que se lles habilitara a sala de lectura do primeiro andar. Se ben unha estudante pediu que se habilitara un espazo para poder almorzar e comer, xa que na cafetería do centro non ser empregada por quen non consume os seus propios produtos. As dúas Decanas comprenden a situación, pero consideran complexo atopar un espazo no edificio para estes fins.

A Decana da Facultade de Dereito informa que os indicadores no curso 2022-23 (que son os datos dispoñibles no momento no que se celebra a reunión) son bos: o grao de

satisfacción do estudantado coa titulación sitúase nun 3,84 sobre 5; as prazas se cubren, valoran a coordinación, a orientación académica e tamén o equipamento, etc. Non están satisfeitos cos horarios da titulación e co calendario dos exames finais -que é o calendario da Universidade de Vigo-.

Por último a Decana da Facultade de Dereito recorda o problema de solapamento horario que se produciu este ano cunha materia con docencia en inglés do segundo cuadrimestre de ADE -Xestión de Empresas- e a materia Dereito Constitucional II do grao en Dereito, para que non volva acontecer.

Punto 4º.- Análise dos datos académicos que deben acadar os programas de simultaneidade de graos do SUG -datos académicos dos tres últimos cursos (desde o curso 2020/21)-.

Punto 5º.- Análise dos datos de abandono do PCEO e das taxas de graduación e idoneidade.

O puntos 4º e 5º da orde do día foron tratados de forma simultánea dado que consistiron no análise de diversos indicadores académicos.

A Decana da Facultade de Dereito, polo que se refire á taxa de idoneidade, explica que os datos proporcionados pola Universidade de Vigo non coincide cos que se calcularan dende a Facultade. Con todo, valora positivamente os datos proporcionados pola Universidade de Vigo en relación coa taxa de idoneidade: 40% no ano 2022, 50% no ano 2021, 26,9% no ano 2019.

Indica a Decana da Facultade de Dereito que, en xeral, os datos académicos son positivos, coa excepción da taxa de abandono que, no curso 2023-24, cree que será moi baixa porque houbo moitos abandonos nos últimos anos. Aínda que moitos dos abandonos non son reais, xa que son estudantes que abandonan un dos graos (ADE ou Dereito), proseguen os seus estudos na Universidade de Vigo nunha soa destas dúas titulacións.

6.- Análise das enquisas de satisfacción da titulación.

A Decana da Facultade de Dereito informa que, segundo as enquisas de satisfacción, os estudantes do PCEO valoran da titulación:

-"De ADE, a comprensión do funcionamento dunha empresa, e a capacitación de poder colaborar ao mesmo tempo. De Dereito a maior compresión do funcionamento da sociedade.

-A calidade, profesionalidade e experiencia dos docentes á hora de impartir a súa docencia.

-No caso da titulación de ADE o feito de que incluíran parciais nas diferentes materias para mellorar a aprendizaxe. Mentres que no caso de Dereito, valoro moitísimo as actividades que se organizan fóra da aula: cursos, conferencias, etc.

-A forma en que se complementan as dúas titulacións".
Polo que se refire ás melloras que se poderían incorporar á titulación, o estudantado

sinalou:

-“Deberíanse electrificar todas as aulas, xa que nalgunhas clases de ADE non contamos con enchufes para cargar os ordenadores.

-En Dereito, a eliminación de clases maxistrais. Engadiría traballos a realizar durante o cuadrimestre e reduciría o peso dos exames na nota final. En ADE, sería moi interesante seguir o exemplo dalgúns profesores e buscar oportunidades de visitar empresas.

-Poder ter horario de mañá.

-Os contidos de ADE poderían ser mellores, mais actuais e mais aplicables na práctica.

-Incentivar a iniciativa na aula, os debates e o desenrolo individual do alumnado.

-Os horarios deberían de mellorar.

-As veces, sinto falta de coordinación entre as dúas titulacións”.

A Decana da Facultade de Dereito fai unha valoración positiva das contestacións ofrecidas polo estudantado nas enquisas de satisfacción da titulación.

En relación coas enquisas de satisfacción da titulación do PAS, a Decana da Facultade de Dereito comenta as contestacións ofrecidas:

-“Mellorar a información que se ofrece en internet xa que é moi xenérica e non está actualizada. Falta de comunicación de cambios ou de procedementos cando estes mudan.

-A posiblidade de poder teletraballar”.

En relación a solicitude de mellora da información ofrecida en internet, tanto a Decana da Facultade de Dereito coma a Decana de Ciencias Empresariais e Turismo coinciden en afirmar que a información das páxinas webs é boa e está actualizada.

E, por último, a Decana da Facultade de Dereito tamén fai unha valoración moi positiva das enquisas de satisfacción da titulación contestadas polo PDI.

Punto 7º.- Rolda de intervención e propostas de accións de mellora.

Non hai ningunha intervención ou proposta de mellora.

E non habendo máis puntos a tratar dáse por rematada a reunión da Comisión de Coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO) ás 13.38 horas do día sinalado ao inicio desta acta, do que dou fe como secretaria co visto bo da señora presidenta.

Ourense, a 22 de xullo de 2024

A PRESIDENTA DA COMISIÓN

Susana Álvarez González

A SECRETARIA

Mónica Siota Álvarez

Centro certificado FIDES AUDIT
Distintivo de Igualdade

BORRADOR ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO GRAO EN DEREITO DA FACULTADE DE DEREITO E DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (04/12/2024)	
Asisten: -Prof. Álvarez González, Susana (Decana da Facultade de Dereito). - Prof. Arias Martínez, María Antonia (Vicedecana de Dereito e Coordinadora do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo). - Prof. Siota Álvarez, Mónica (Coordinadora do Grao en Dereito da Facultade de Dereito). - Prof. Torres Pérez, Francisco (Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).	Acta da reunión ordinaria da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo convocada por orde do Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o Prof. Francisco Torres Pérez, celebrada o 4 de decembro de 2024 ás 16:00h en segunda convocatoria, a través do Campus remoto, na Sala de Videoconferencia da Facultade de Ciencias Xurídicas (enlace: https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/3087251540), coa seguinte orde do día: 1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría. 2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (4 de decembro de 2023). 3º. Revisión e coordinación das actividades académicas e administrativas conxuntas para o Grao en Dereito. 4º. Rolda aberta de intervencións.

Ás 16:34h do día 4 de decembro de 2024 comeza a reunión da Comisión de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa asistencia dos membros enriba enumerados. A reunión comeza con retraso, respecto da hora prevista, debido a que o Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo tivo problemas de carácter técnico para a conexión ao campus remoto.

1º. Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaría.
Procédese a designación da profesora María Antonia Arias Martínez como secretaria da reunión.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (4 de decembro de 2023).
Apróbase por asentimento a acta da reunión do 4 de decembro de 2023.

3º. Revisión e coordinación das actividades académicas e administrativas conxuntas para o Grao en Dereito.
Proponse reiterar a solicitude dos cursos sobre: (i) sinatura electrónica, (ii) Sigma e (iii) uso dos recursos que pon a disposición do PDI a biblioteca universitaria, orientados ao sector xurídico.
O Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo informa que ten intención de invitar a un colega da Universitat Autònoma de Barcelona para que imparta unha conferencia ao profesorado da Facultade sobre o empelo da Intelixencia Artificial na docencia no ámbito xurídico.

4º. Rolda aberta de intervencións.
A Decana da Facultade de Dereito propón que se planifiquen reunións conxuntas para preparar a acreditación institucional.

Sen máis asuntos que tratar, ás 17:07 horas remata a sesión da que estendo esta acta como secretaria.

Visto e prace

A Secretaria da Comisión

O Presidente da Comisión

María Antonia Arias Martínez

Francisco Torres Pérez

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Traballo fin de grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2024-25, a iniciativa das coordinadoras da materia Traballo fin de grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Traballo fin de grao. As máis destacables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño-xullo 2024: Elaboración da guía docente polo coordinadora e aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do TFG no curso 2024/25 -novembro de 2024 (1º prazo), febreiro de 2025 (2º prazo), xuño de 2025 (3º prazo), xullo de 2025 (4º prazo) e setembro de 2025 (5º prazo)-
- Setembro 2024: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2024/5.
  Aprobación pola Comisión Permanente dos criterios de asignación de titor/a para o TFG para o alumnado de nova matrícula que desexen concorrer ao primeiro prazo de defensa (novembro de 2024), asignación das persoas titoras e fixación de prazo para a presentación da proposta temática na secretaría do decanato.
  Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2024-2025 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. Roberto Couto Calviño e D. David Castro Liñares, previa solicitude expresa dos interesados.
- Outubro-novembro de 2024: Publicación da relación de profesorado que no curso 2024/25 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- Novembro de 2024: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2024-2025.
- Decembro de 2024: Aprobación da listaxe provisional de propostas temáticas para a o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2024-2025 e acórdase elevar a definitiva listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- Xaneiro de 2025: Aprobación da listaxe definitiva de propostas temáticas para o Traballo de fin de grao do curso académico 2024-2025.

  Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso de Grao en Dereito e 4º cruso do PCEO ADE-Dereito. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de grao.

  Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao e ao alumnado de 5º curso do PCEO ADE-Dereito. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbraselle ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.
- Febreiro de 2025: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- Maio de 2025: Última sesión co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa…-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador. A sesión celebrouse a través do Campus remoto.

- Xaneiro-xullo de 2025: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia Moovi, con información sobre premios e axudas aos TFGs; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia "Traballo de fin de grao" ata o curso 2024-2025

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispuxo nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirían coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que tería un mínimo de 6 créditos e que debería realizarse na fase final do plan de estudos e estaría orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

De similar xeito, o vixente Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade prevé, nas directrices para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de grao (art. 12 apartados 2 e 6) o carácter obrigatorio do TFG, que ten como obxectivo esencial a demostración polo alumnado do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Terá un mínimo de 6 créditos e deberá realizarse na fase final do plan de estudos e defenderse nun acto público. A súa superación é imprescindible para obter o título oficial

Ata a implantación dos estudos de grao, a incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carecía de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificultou a configuración da materia e xustificou a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto "investigación" e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de "recompilación", respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os "Resultados de aprendizaxe" recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: "Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal". Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un "traballo de recompilación", un "traballo de investigación", cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Máster, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, no Real Decreto 822/2021 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 13): "Os ensinos oficiais de Grao, como ciclo inicial dos ensinos universitarios, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeneralista do e da estudante … a través da

transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva … os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.".

- MÁSTER (art. 16): entre os posibles obxectivos dos ensinos de Máster figura a formación encamiñada á "aprendizaxe nas actividades investigadoras".
- DOUTORAMENTO (art. 19): os estudos de doutoramento deben conducir a "a adquisición das competencias e habilidades concernentes coa investigación universitaria de calidade e o seu desenvolvemento".

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Máster universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en "formación continua", como calquera outro estudante matriculado no Máster –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en "fin de carreira", converter a súa matrícula en "formación continua" nunha matrícula ordinaria no Máster.

Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster, aprobadas polo Consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, era necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao/Máster por un sistema de tribunal unipersoal. A modificación dá nova redacción aos seus respectivos arts. 8, para permitir dous mecanismos de avaliación e cualificación do TFG/ TFM (tribunal colexiado ou unipersoal) e inclúe outros dous artigos (8 bis e 8 ter), coa regulación correspondente. Permite aos centros optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto.

Nos últimos cursos acometéronse importantes accións de mellora na materia TFG. En primeiro lugar, a elaboración dunha guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao. Ambos os dous documentos teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretenden desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

En segundo lugar, os prazos das defensas nas convocatorias de xuño e xullo resultaban moi axustados e dificultan a defensa cando os estudantes teñen outras materias pendentes. No caso do alumnado do PCEO, a situación agrávase porque deben de elaborar dous TFGs, o que dificulta o seu proceso de obtención do título. Xa que logo, habilitáronse novos prazos de defensa do TFG. Primeiro no mes de setembro, exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao. No curso 2020/21 o prazo de setembro incorporouse como último prazo do curso e non como 1º prazo do curso seguinte. Ademais, habilitouse un novo prazo de defensa no mes de febreiro. Estas accións de mellora formuláronse para permitir obter o título de Graduado/a en Dereito no mes de setembro e incorporarse ao Mestrado da avogacía aos estudantes aos que solo lles restaba a materia TFG, ao eliminar a Universidade de Vigo a opción de matrícula en formación

continua nos mestrados. Pretendíase facilitar a continuación dos estudos de Grao e Mestrado sen solución de continuidade -sen obstáculos que lles obrigasen aos estudantes a perder un curso académico, a lo menos cando tiñan unha única materia-. Este prazo habilitouse xa en setembro de 2019. Ao converterse en prazo do mesmo curso académico evita que o alumnado teña que aboar novamente a taxa de matrícula e facilita a gradación dos estudantes nun tempo menor, posibilitando a mellora da taxa de gradación e de idoneidade. O prazo de febreiro permite ao alumnado que non tivera persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior e ao que só lle resta a materia TFG para rematar os seus estudos de grao non teña que agardar ao prazo ordinario de xuño, aínda que pode tamén concorrer a dito prazo o alumnado con titor e proposta asignados anteriormente. O prazo de febreiro pode ser especialmente interesante para o alumnado do PCEO, con máis carga docente, que xa conta co mesmo prazo para o TFG do Grao en ADE.

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade a teor do art. 10 do RD 822/2021 (e antes o art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo). Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo "o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG"; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse a través do Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

En relación coa *ratio* entre estudantes matriculados e estudantes presentados, aínda que no curso 2024-25 superou considerablemente a acadada nos cursos 2022-23 e 2023-24, segue a ser baixa, inferior ao 50%. Non obstante, debe terse en conta a normativa da UVigo que esixe ter superada a totalidade dos créditos restantes para a obtención do título para a defensa do TFG. Sendo ese o principal obstáculo, é difícil prever accións de mellora efectivas non asociadas á modificación mesma da devandita normativa.

Á luz dos datos obtidos no presente curso académico continuarase avanzando na busca de accións de mellora continua que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación. Con todo, o problema céntrase esencialmente en que os alumnos non acadan superar os restantes créditos para a obtención do grao e, polo tanto, non poden materialmente defender o Traballo de fin de grao. Nalgunha ocasión, ademais, os alumnos están a realizar prácticas extracurriculares, mesmo noutros Estados, para as que precisan continuar matriculados na titulación que deu orixe ás prácticas no curso seguinte e optan por non defender o TFG, aínda que o poderían ter rematado. Elo incide non só na taxa de avaliación senón tamén nas de gradación e de idoneidade.

En terceiro termo, acometéronse tamén outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, que foron mantidas con posterioridade polo seu interese. Así, nos horarios de 4º curso do Grao en Dereito e de 5º do PCEO fíxanse varias sesión presenciais do coordinador/a de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs. A primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre, co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor. A última, máis próxima xa á data de defensa, para orientar aos estudantes sobre os trámites de solicitude de defensa e sobre o propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador. Entre esas dúas datas fíxanse nos horarios titorías de atención personalizada para atender dúbidas de carácter xeral sobre o desenvolvemento do traballo.

Ademais, mantéñense cunha maior vocación de continuidade e vixencia indefinida, certas pautas e criterios aprobados pola Comisión Permanente, órgano con competencias en materia de xestión dos TFGs e interpretación do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito. Así, mantéñense as notas aclaratorias relativas ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computan os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, si se inclúen no número máximo de páxinas. Por outra banda, respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.

Para facilitar a defensa de TFGs nos dous primeiros períodos de defensa habilitados en cada curso académico (novembro e febreiro), acórdase manter a titorización e a proposta temática dos TFG asignada nos cursos anteriores, aínda que rematasen xa os dous cursos académicos previstos para a validez máxima da adxudicación de titor e proposta temática. Acordouse tamén estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixirase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.

Adoptáronse igualmente medidas respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio. O estudante pode solicitar a asignación dunha persoa titora concreta, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento. Pero, respecto a súa avaliación, aplicaranse os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que concorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.

En relación coa gravación do acto de defensa do TFG só se prevé no caso de que a defensa se desenvolva a través do Campus Remoto. Nese caso, a exposición de cada alumno/a será gravada coa finalidade de facilitarlle ao Tribunal o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión da proba, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Cara ao desenvolvemento adecuado de dita gravación mediante webcam, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación do exame. Será responsable do tratamento dos datos a Universidade de Vigo. As gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas.

Non obstante, o artigo 22.2 do vixente Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023) esixe, en relación coas probas de avaliación oral, incluíndo expresamente a defensa do TFG e sempre que sexa posible, que deban "gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe". A Comisión de Calidade, na súa reunión de 6 de novembro de 2023, adoptou por asentimento o acordo de "non proceder a gravación do acto de defensa dos TFG/TFM por considerar que o artigo 22.2 do Regulamento sobre avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado, aprobado o 18 de abril de 2023, queda garantido polo sistema actual".

No curso 2023-24 habilitouse o Campus docente SIGMA para o desenvolvemento e a realización dos trámites relacionados coa materia Traballo de fin de grao. En tanto a Universidade de Vigo preparou o aplicativo para poder realizar os trámites relacionados ca materia, incluída a solicitude da defensa, houbo de utilizarse un procedemento provisional que substituíu á solicitude de defensa que se facía a través da Secretaría Virtual, incompatible co novo Campus docente. A utilización de SIGMA a partir do prazo de xuño esixiu a realización por parte da coordinadora e dos titores de tarefas administrativas que deberían ser asignadas ao persoal técnico de xestión, administración e servizos e non ao persoal docente e investigador. No curso 2024-25 as ditas tarefas compartíronse xa con persoal técnico

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2024/25

- Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Traballo de Fin de Grao e Traballo de Fin de Máster, e prácticas de Grao e Máster, que deben realizarse a través do portal académico SIGMA a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.

A secretaría do decanato asumiu en colaboración coa coordinadora do TFG as tarefas administrativas relacionadas coa materia TFG a realizar a través do portal académico SIGMA a PTXAS

- Incrementar a taxa de avaliación do TFG no Grao: Analizar as posibles causas normativas que inciden na falta de alumnado que se presenta á defensa do TFG e, si é o caso, propor ós órganos competentes unha modificación da normativa.

Aínda que a causa da baixa taxa de avaliación vincúlase á normativa da Uvigo, que esixe ter superados todos os créditos das restantes materias para presentar o TFG, o certo é que a dita taxa incrementouse no curso 2024/2025.

D. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2022/2023

Datos comparativos	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20		2020/21	2021/22	2022/23	2023/24	2024/25
						19	20					
Estudantes matriculados	56	58	90	68	74	77 Grao + 15 Pceo		120	134	112	99	114

Estu-dantes presen-tados	**Total**	**46 (+1 susp. xuño)**	**35 (32 aprobados +3 susp.)**	**53 (+4 suspensos FC)**	**35**	**20 Grao + 5 Pceo**	**42 Grao + 10 Pceo**	**59 (+1 susp. xullo)**	**59**	**39**	**38**	**53**
	Nov.	7	4	14	6	4	8 + 0	4	6	6	3	8
	Febr.							8	5	4	4	3
	Xuñ.	23	10	29	12	7 + 1	8 + 3	16	14	10	8	21
	Xul.	17	21	14	14	8 + 4	13 + 4	20	18	8	15 (-1 susp.)	13
	Set.				3		5 + 1 / 9 + 2	12	16	11	9	8
Cuali-fica-cións	**Total**	**MH**	1	0	4	0	1 + 1	1	1	1	0	3	2
		Sb	3	9	15	6	5 + 1	3 + 1	22	6	11	7	19
		N	20	11	18	18	9 + 3	22+ 9	25	30	21	16	20
		A	22	12	16	11	5	16	11	22	7	12	12
		Susp	1	3	4	0	0	1	1 (1 apr. en sept. 2021)	0	0	1 (apr. en sept. 2024)	
	Nov.	**MH**	0	0	0	0	0	0	0	0	0		
		Sb	0	0	1	0	0	0	2	1	3	1	2
		N	3	2	1	3	2	5	1	2	2	1	4
		A	4	1	8	3	2	3	1	3	1	1	2
		Susp		1 (apr. en xuño 2019)	4 (apr. xuño ou xullo 2019)	0	0	0	0	0			
	Feb.	**MH**											
		Sb							3		2	1	2
		N							4	4	1	1	
		A							1	1	1	2	1

		Susp											
	Xuño	**MH**	1	0	2	0	0		1	0	0	2	1
		Sb	2	3	10	2	2 + 1	0 + 1	7	3	2		9
		N	9	3	11	7	5	4 + 2	5	7	8	5	7
		A	10	4	6	3	0	3	3	4		1	4
		Susp	1(ap. en xullo 2015	0	0	0	0	1 (ap. en xullo 2020)	0	0			
	Xullo	**MH**	0	0	2	1 + 1	2	1		1	0		1
		Sb	1	6	4	4	3	2	6	2	2	4	5
		N	7	6	6	7	2 + 3	6 + 4	10	6	4	5	4
		A	8	7	2	3	3	4	3	9	2	5	3
		Susp	0	2	0	0	0	0	1 (ap. en sept. 2021)			1	
	Set.	**MH**						0	0				1	
		Sb						0	1	4		2	1	1
		N				1		3 + 1	4 + 2	5	11	6	4	5
		A				2		2	4	1	5	3	3	2
		Susp						0	0	2				

E. Propostas de mellora para o curso 2025/2026

-

INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓNS E EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES NO CURSO 2024/2025 E, SE PROCEDE, PROPOSTA DE MELLORA PARA O CURSO 2025/2026

1. Reunións e actuacións de coordinación de prácticas externas da coordinación (e titora académica) cos titores/as externos ou co alumnado implicado

Durante o curso académico 2024-25 realizáronse, a iniciativa da coordinación de prácticas externas da Facultade de Dereito, en relación coa materia Prácticas externas diversas actuacións conxuntas de coordinación coas persoas titoras das entidades colaboradoras externas e co alumnado implicado. As actuacións máis destacables desenvolvéronse do seguinte modo:

Prácticas externas:

- Xuño-xullo 2024: elaboración e aprobación da guía docente da materia Prácticas externas.
- Setembro 2024 -xullo 2025: envorcado na plataforma de teledocencia Moovi da presentación da materia, as guías docentes en castelán e galego, a normativa estatal, da Universidade de Vigo e do Grao en Dereito da Facultade que regulan as prácticas curriculares e dos anexos que deben cumprimentarse para a formalización e avaliación da práctica, o procedemento de asignación das prácticas, incluído o plan de prácticas, coa relación de despachos e institucións colaboradoras e o cronograma orientado e anuncios de resolución de dúbidas. Igualmente publícanse a listaxe provisional e definitiva de asignación das prácticas e as instrucións para a formalización das prácticas, así como, no seu momento, avisos sobre o procedemento e prazos de entrega da memoria de prácticas para a avaliación do alumno e as cualificacións e convocatorias de premios para os TFG en distintos ámbitos.
  Así mesmo remitíronse correos electrónicos desde a coordinación de prácticas dirixidos ás entidades colaboradoras para mostrar a súa dispoñibilidade para acoller alumnado en prácticas e cumprimentar un formulario para publicar e tamén correos dirixidos aos titores externos co obxecto de clarificar dúbidas sobre a documentación a cumprimentar, agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais e lembrarlles a súa obriga de remitir o Anexo de avaliación ao remate das prácticas e os criterios de avaliación.
  Do mesmo xeito, remitíronse pola coordinadora académica da materia Prácticas externas correos electrónicos dirixidos aos estudantes co obxecto de clarificar as súas dúbidas sobre a tramitación das prácticas, agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das mesmas, verificar o seguimento das prácticas e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o informe intermedio e final de prácticas e o anexo de avaliación, recordándolles os criterios de avaliación.
- Setembro-outubro 2024: reunións, intercambio de correos e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas.
  Remisión dende a secretaría do decanato da convocatoria para a titorización académica de prácticas externas. A Comisión Académica nomea como titora académica para o curso 2024-25 á profesora Marta Fernández Prieto.
- Decembro 2024-xaneiro 2025: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2024-2025.

Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma Moovi e comunicación ás persoas titoras externas e institucións implicadas dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas na respectiva entidade.

Xaneiro de 2025: presentación da materia prácticas externas ao comezo co cuadrimestre e intervención no curso 3.5. A presentación diríxese aos alumnos matriculados na materia Prácticas externas ao obxecto de informar sobre a tramitación da formalización das prácticas e sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas e comezar o seguimento das prácticas a desenvolver no cuadrimeste. No curso 3.5 a información diríxese ao alumnado de 3º do Grao e 4º do PCEO para informar da materia optativa Prácticas externas, do procedemento de asignación de prácticas e da posibilidade de realizar prácticas extracurriculares no verán e solicitar o recoñecemento dos créditos pola materia Prácticas externas ou outra materia optativa.

- Xaneiro-xuño de 2025: Reunións individualizadas e grupais, presenciais ou telemáticas, co alumnado antes do comezo das prácticas. O obxectivo das reunións é a) clarificar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2024-2025.
- Maio-xuño de 2025: Recepción do informe final e valoración dos titores externo/as. Publicación das cualificacións o en xuño de 2024 (plataforma Moovi)

2. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia "Prácticas curriculares" no curso 2024-2025.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2024-2025 foi de 27 prazas para un total de 27 prazas ofertadas (Plans de Estudos G081 Grao -25 prazas- y G730 PCEO -2 prazas-). Una importante porcentaxe do alumnado matriculado realizou prácticas extracurriculares con antelación e solicitou o recoñecemento das mesmas pola materia Prácticas externas polo que xa non se someteu ao procedemento de asignación de entidade de prácticas.

As prazas ofertadas foron publicadas, consonte ao disposto no artigo 7 –Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que realizará as prácticas- do Regulamento de Prácticas Externas do Grao en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, e distribuídas do seguinte xeito:

OFERTA FORMATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS
Curso 2024/2025

De conformidade co disposto no artigo 7 –Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que realizará as prácticas- do Regulamento de Prácticas Externas do Grao en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, faise pública a oferta correspondente ao presente curso académico.

ASESORÍAS, ADMINISTRACIÓNS DE FINCAS, XESTORÍAS e outras ENTIDADES (4 prazas)

AV XESTIÓN INTEGRAL S.L. (1 praza)
Titora: Dna. Sara Arias Fraiz
Enderezo: Rúa Concordia, nº1, entresuelo A&B, 32003 Ourense
Contacto: sara@ariasavogados.com

GABINETE JURÍDICO GALIUS S.C (2 plazas)
Titora: Dna. Anabel Gómez Díaz
Enderezo: Rúa Cardenal Cisneros, nº 4 - 6, 32005 Ourense
Contacto: galiusanabel@gmail.com

PÉREZ RUMBAO, SAU (1 praza para asesoría xurídica Polígono Comercial Barreiros)
Titora: Dna. Irene Santana Carnero
Enderezo: Polígono Comercial Barreiros, KM. 231.1 32910 San Cibrao das Viñas - Ourense
Contacto: irenesc@perezrumbao.com

DESPACHOS DE AVOGADOS (4 prazas)

JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ (1 praza)
Titor: D. José Abundancia Domínguez
Enderezo: Rúa Paseo, nº 36, 3º C - 32003 Ourense
Contacto: j.abundancia@gmail.com

ARIAS AVOGADOS S.C. (1 praza)
Titor: D. Román Arias Fraiz
Enderezo: Rúa Concordia, nº1, entresuelo A&B, 32003 Ourense
Contacto: roman@ariasavogados.com

LEX AURIA (1 praza)
Titores: D. Luis Miguel Garnil Relo e D. Miguel Gómez Domínguez
Enderezo: Avda. Otero Pedrayo, 2 B (Loc. 3), 32004 Ourense
Contacto: luisgarnil@lexauria.com; miguel@lexauria.com

CECA MAGÁN ABOGADOS (1 praza en Vigo)
Titor: Dna. María López-Olivares Canga
Enderezo: Calle Policarpo Sanz, 29, 36202 Vigo
Contacto: mlopezolivares@cecamagan.com

CENTRO PENITENCIARIO DE PEREIRO DE AGUIAR (2 prazas en PEREIRO DE AGUIAR a desenvolver entre xaneiro e marzo)
Titoras externas: Dna. Ana Martínez Fernández e Dna. Elena Fernández Montes
Enderezo: C/Carretera de la Derrasa s/n, 32792 Pereiro de Aguiar (Ourense)
Contacto: Subtratamiento_ourense@dgip.mir.es

CONCELLOS (5 prazas na sede dos correspondentes concellos en horario de mañá)

CONCELLO DE BARBADÁS (2 prazas)
Titora externa: Dna. Victoria Morenza
Enderezo: Concello de Barbadás
Contacto: victoria.morenza@barbadas.es

CONCELLO DE CELANOVA (1 praza)
Titora externa: Dna. Montserrat Campos Mondelo
Enderezo: Praza Maior 1 32800, Celanova-Ourense
Contacto: montserrat.campos.celanova@eidolocal.es

CONCELLO DE OURENSE (2 prazas)
Titora externa: Dna. Silvia Alonso Fernández
Enderezo: Praza Maior 1 32005, Ourense
Contacto: oficialmaior@ourense.es

INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL DIRECCIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (2 prazas horario de mañá nun período máximo de dous meses)
Titora externa: Antonia Elena García Puertas
Enderezo: Rúa Concejo, nº 1, 32003 Ourense
Contacto: antonia-elena.garcia@seg-social.es

NOTARÍAS (1 praza)

NOTARIOS ENRIQUE HERNÁNZ VILA Y M.ª ISABEL LOURO GARCÍA (1 praza)
Titora externa: Dna. María Isabel Louro García
Enderezo: Avda. da Habana, nº 39, 32003 Ourense
Contacto: milouro@notariado.org

PARLAMENTO DE GALICIA (4 prazas en Santiago de Compostela con posibilidade de prácticas solo parcialmente telemáticas)
Titor externo: D. Xosé Antón Sarmiento Méndez
Enderezo: Rúa do Hórreo, 63, 15702 Santiago de Compostela
Contacto: xose.anton.sarmiento.mendez@parlamentodegalicia.es

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (5 prazas en horario de mañá)
Titor externo: D. Manuel Arias Carral
Enderezo: as prácticas desenvolveranse nos diferentes servizos da Subdelegación (Rúa parque San Lázaro, nº 1, 32003 Ourense)
Contacto: arias@uvigo.es

O proxecto formativo de cada unha das prácticas ofertadas que recolle ademais o tipo de tarefas e as competencias á desenvolver, de conformidade co artigo 7 do devandito Regulamento, publicouse na plataforma MOOVI.

Rematado o procedemento de solicitude e asignación das prazas, foron finalmente só 15 os estudantes que cursaron a materia (todos eles do Grao en Dereito). O último cuadrimestre de 4º curso, no que se cursa a materia Prácticas externas, adoita ter unha elevada carga docente para os estudantes que desexan finalizar os seus estudos en xuño, debido á realización do traballo de fin de grao, e ás veces resulta difícil compatibilizalo coa elevada presencialidade que requiren as prácticas externas (150 horas). Non obstante, debe terse en conta, para estes efectos, que son cada vez máis os estudantes (no curso 2023/24 o número superou aos que cursaron a materia de Prácticas externas) que optan por formalizar prácticas extracurriculares desde o verán do curso anterior para solicitar posteriormente o recoñecemento da materia Prácticas externas ou créditos optativos ou,

no seu caso, a incorporación das prácticas extracurriculares ao Suplemento Europeo ao Título.

Precisamente, o fomento da realización de prácticas na Facultade de Dereito, a través da súa colaboración coa área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo e da realización de varias edicións de Orienta-Iuris (Feira de Emprego Xurídico), antes aínda da súa participación nas Feiras InCampus organizadas dende a propia área e a Vicerreitoría de Estudantes, fixo que o primeiro Distintivo de Empregabilidade concedido pola Universidade de Vigo fose entregado, de entre todos os centros da institución, á Facultade de Dereito do Campus de Ourense no ano 2024.

C. Valoración das propostas de mellora para o curso 2024/2025

Unha acción de mellora permanente é a de aumentar os ámbitos de realización das prácticas e subscribir novos convenios, ao obxecto de adaptar as prácticas á normativa de Seguridade Social, que esixe a cotización á Seguridade Social, de conformidade co disposto polos órganos competentes da Universidade de Vigo.

Ambas actuacións están relacionadas, pois a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación e a esixencia de alta e cotización a Seguridade Social das prácticas a partir de 2024, consonte a disposición adicional quincuaxésima segunda do TRLGSS, introducida polo Real Decreto-lei 2/2023, requiriu a subscrición de novo de todos os convenios de colaboración coas entidades externas colaboradoras. A Universidade de Vigo aprobou un novo modelo de convenio para incluír a asunción da obrigatoriedade do alta do alumnado e do pago da cotización pola propia Universidade, o que requiriu promover novos convenios para axustarse a dito modelo e cumprir a normativa. No caso de convenios coas entidades públicas, nalgún caso asináronse addendas para especificar a responsabilidade, aínda que algunhas Administracións e Ministerios quixeron aprobar os seus propios modelos atrasándose a firma dos convenios nalgún caso puntual. En consecuencia, asináronse múltiples Convenios a instancia da coordinadora de prácticas da Facultade de Dereito a fin de ampliar a oferta de prácticas do centro.

Dada a necesidade de utilizar o aplicativo de prácticas da secretaría virtual da Universidade de Vigo no procedemento de asignación de prácticas, alta de entidades colaboradoras e de persoas titoras, inclusión de datos das prácticas..., que require múltiples tarefas meramente administrativas relacionadas coa materia Prácticas externas, no curso 2024/2025 propúxose como acción de mellora instar a que fora persoal técnico de xestión, administración e servizos da área o competente para o desenvolvemento de tales tarefas e, no seu caso, a contratación do persoal necesario para a súa realización. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas. Aínda que houbo avances moi limitados, a mellora non se rematou polo que debe manterse para o curso 2025/2026

D. Avaliación das prácticas externas durante o curso 2024/2025 e proposta de mellora para o curso 2025-2026.

Este informe debe comezar subliñando a entrega xa no curso anterior, en 2024, do primeiro Distintivo de Empregabilidade da Universidade de Vigo á Facultade de Dereito do Campus de

Ourense, como recoñecemento que acredita o labor desenvolvido polo centro a favor da entrada efectiva no mercado laboral das persoas que escollen este centro para formarse. Trátase dun distintivo outorgado pola Universidade de Vigo por primeira vez para visibilizar, recoñecer, impulsar e incentivar a promoción de actuacións realizadas nos seus centros docentes co obxecto de fomentar o desenvolvemento das competencias e coñecementos do alumnado para mellorar a súa empregabilidade. Se recoñece así a implicación académica, a organización de accións propias de fomento da empregabilidade, a participación do alumnado e a implicación tanto na organización das feiras de emprego da UVigo como en actividades promovidas pola súa Área de Emprego e Emprendemento. A ampla traxectoria da Facultade na organización de actividades vinculadas á orientación profesional do seu alumando e na intermediación universitaria no emprego e a súa dilatada experiencia na organización de feiras de emprego fixérona merecedora da máxima puntuación para recibir o primeiro distintivo. A Facultade de Dereito destacou pola organización da súa feira propia -Orienta Iuris-, a pola súa estreita colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento no deseño, impartición e organización de actividades, en particular as vinculadas á orientación do alumnado e á mellora das súas competencias. Pero, sen dúbida, o distintivo é froito do esforzo conxunto de todos os colectivos da facultade e da implicación e colaboración das institucións, administracións, colexios profesionais, tecido empresarial e profesional, así como de egresados da facultade, que comparten as súas experiencias de inserción laboral e o impacto positivo que tivo para eles ter participado en iniciativas como as feiras de emprego universitarias e mesmo acollen agora como profesionais alumnado en prácticas.

Respecto do desenvolvemento das prácticas no curso 2024/2025, as funcións da coordinación e da titorización académica son velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar o órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. A tal efecto, mantiveronse reunións presenciais e telemáticas cos estudantes para o seguimento das prácticas, enviáronse anuncios e puxéronse ao dispor do estudantado e accesibles na plataforma de teledocencia da materia os documentos, instrucións e información necesaria para a formalización, desenvolvemento e avaliación das prácticas, remitíronse correos electrónicos aos titores profesionais e estudantes en relación cos xestión das prácticas, clarificáronse as dúbidas formuladas sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas e desenvolvéronse outras actuacións relacionadas coas prácticas reflectidas nas memorias entregadas polos estudantes, como as necesarias para a visita institucional durante unha semana de vaios estudantes á Audiencia Nacional baixo a supervisión de D. José Luis Castro Antonio, maxistrado do Xulgado Central de Menores Único da Audiencia Nacional.

Durante o presente curso académico, utilizouse de novo o aplicativo informático para as prácticas, a iniciativa da área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, a través da secretaría virtual. Creouse a convocatoria de prácticas para cada materia identificada como prácticas curriculares, asociouse á mesma ao estudantado matriculado, vinculáronse as prácticas ás entidades colaboradoras, déronse de alta aos novos titores externos nas entidades colaboradoras e aos titores académicos, creouse unha prácticas por estudante matriculado cos correspondentes datos, incluídas as datas e o proxecto formativo, asignar a cada práctica o titor externo e o titor académico correspondente, distribuíronse as horas asignadas á práctica, xeráronse os anexos correspondentes, remitíronse para a súa firma aos estudantes e titores, subíronse os documentos xa asinados á aplicación na lapela documentos, xeráronse os informes finais... En definitiva, todo o labor de coordinación de recoller e subir ao aplicativo a documentación das prácticas con información exhaustiva dos despachos colaboradores, os convenios subscritos, os titores

profesionais e académicos asignados a cada práctica, o plan formativo, as datas de realización das prácticas, os informes, os certificados de titorización da práctica e de prácticas do estudantes... esixiu un esforzo importante por parte da coordinación académica das prácticas, ao non estar formado o persoal de administración e servizos para estas funcións e ter que proceder ao alta das entidades e dos titores e á creación da práctica alumno por alumno. Parte da información, unha vez subida ao aplicativo, manterase en parte en cursos vindeiros en tanto os despachos e os titores profesionais e académicos continúen participando na tutorización das prácticas, facilitando así o labor de coordinación.

Consta nas memorias e informes presentados polos alumnos un moi elevado grao de satisfacción coas entidades colaboradoras a coas prácticas profesionais, valorándose en todo momento o arduo traballo de todos os involucrados, sen manifestar incidencias relevantes nin propostas de mellora que poidan reverter nunha mellora da titulación.

É de subliñar, por último, que durante o presente curso académico, dezaseis alumnos e alumnas do Grao e o PCEO formalizaron prácticas extracurriculares a través da FUVI coa colaboración, como titora académica das prácticas, da coordinadora académica das prácticas. Na súa maior parte, as prácticas extracurriculares se recoñecen por créditos optativos, aínda que nalgúns supostos os estudantes optan pola súa inclusión no expediente ou su reflexo no Suplemento Europeo do Título. Ademais, en 3 dos casos as prácticas se desenvolveron no marco das 10 bolsas convocadas por resolución reitoral no programa de prácticas Campus Auga, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas durante 2-3 meses consecutivos (entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2025) para potenciar a empregabilidade do estudantado matriculado nunha das 15 titulacións adscritas ao Campus Auga, a través das prácticas remuneradas en empresas, facilitando o seu acceso a unha primeira experiencia laboral e mellorando así a súas oportunidades laborais e a súa carreira profesional. O importe da bolsa ascendeu a 600 € euros brutos mensuais.

Polo demais, seguíronse actualizado os convenios xa existentes e potenciando novas sinerxias e colaboracións, e participouse activamente na Feira EmpregoinCampus, organizada pola Área de Emprego e Emprendemento en colaboración cos centros do Campus de Ourense, que tivo lugar o xoves, día 9 de abril, coa presenza dun elevado número de stands de despachos, institucións e administracións convidadas a participar pola Facultade de Dereito e de un elevado número de estudantes da Facultade de Dereito. Os stands non só ofreceron prácticas e emprego aos estudantes senón tamén lles informaron de saídas profesionais no ámbito das administracións públicas.

En relación coas acción de mellora para o curso 2025-26, propónse manter a seguinte:

1. Instar a asignación das tarefas administrativas relacionadas coa materia Prácticas externas que deben realizarse a través do aplicativo de prácticas na secretaría virtual da Universidade de Vigo a persoal técnico de xestión, administración e servizos da área competente e a contratación do persoal necesario para a realización das respectivas tarefas. O persoal docente e investigador pode coordinar a materia e axudar na configuración da convocatoria, conforme á normativa específica do centro, pero o traballo meramente administrativo debe realizarse por persoal especializado nas devanditas tarefas.